Estado garda para si a capacidade de incorrer en máis déficit que o resto de administracións xuntas, xerando importantes problemas ás comunidades autónomas e ás administracións locais. Por exemplo, Galiza, a pesares de ser a responsábel de subministrar servizos básicos como a sanidade, a educación e os servizos sociais - lembremos que as Comunidades en conxunto teñen un gasto de máis dun terzo do conxunto do estado- ve limitada de forma excesiva a súa participación do total de déficit do conxunto do Estado, o cal supón un inxusto reparto do total do déficit das administracións públicas. Por iso, os recortes impostos en aras de reducir o déficit orzamentario implicaron en termos xerais unha perda de dereitos por parte da cidadanía, sobre todo as capas máis vulnerábeis, que sen a existencia deses servizos públicos non terían acceso aos mesmos.

Non debiera ser unha cuestión menor dende unha óptica galega as restricións impostas á nosa facenda e ás nosas contas por parte do goberno do Estado. Así mesmo, desde a última reforma do sistema de financiamento, produciuse un forte retroceso en materia de autonomía financeira. Foi a través da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamental e Sostibilidade Financeira, aprobada no 2012, que supuxo o desenvolvemento dos principios contidos na reforma “expres” do artigo 135 da Constitución que se realizara o ano anterior e que foi contestada polos axentes sociais e sindicais galegos no seu día. Esta reforma deu rango constitucional a unha óptica moi restritiva da autonomía financeira das comunidades autónomas, unha óptica que desenvolveu esta lei, e que implica concibir ás comunidades autónomas como unha simple descentralización administrativa, negándolles autonomía financeira e, polo tanto, autonomía política.

A obriga á Xunta de Galiza a presentar equilibrio ou superávit, así como a cumprir a regra de gasto, que significa que unha comunidade autónoma non pode incrementar o gasto por encima da taxa de crecemento de referencia do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Ademais, para o cumprimento das normas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

que impuxo esta lei deseñáronse varias medidas preventivas, correctivas e coercitivas ante posíbeis incumprimentos, o que reforza o papel de tutela do Goberno do Estado sobre Galiza, e supón a posibilidade dunha intervención “de facto” sobre unha comunidade autónoma con independencia de que no seu día non se tivera adherido ao Fondo de Liquidez Autonómica.

Polo tanto, podemos concluír que o presente dos nosos servizos públicos e as necesidades sociais insatisfeitas corroboran que estas reformas, que avanzaron na recentralización competencial do Estado, deberan ter sido combatidas dende a Xunta de Galiza. Así mesmo, pon de manifesto a necesidade de avanzar cara un modelo que supere a actual situación de tutela e falta de autonomía do noso país con independencia de que forza política ostente a presidencia do goberno. Porén, o goberno galego limitouse a asentir a todas as decisións. Mesmo despois da mudanza do goberno central após da moción de censura entre maio e xuño de 2018 o aparente cambio de posición non foi suficiente, limitándose a facer brindes ao sol respecto de cuestións determinantes como a xestión do superávit ou as necesidades dun sistema de financiamento esgotado.

Precisamente observar a evolución do sistema de financiamento na última década demostra que Galiza perde na súa relación económica co Estado español e que é precisa soberanía política e económica para satisfacer as necesidades da sociedade galega, pois ten contribuído ao infrafinanciamento de servizos esenciais como a sanidade. Evidénciase a perda de peso político experimentado baixo o mandato de Núñez Feijoo.

Por exemplo, se analizamos a última década vemos como o que achega o Sistema para o presente exercicio (7.406 millóns de euros) sitúanos nun nivel aínda inferior ao do ano 2009. Máis aínda, cómpre termos en conta que estamos a falar en termos correntes, sen ter en conta o efecto da inflación. Este balance é totalmente inxusto xa que coas cifras oficiais de 2014 (último exercicio fiscal liquidado) Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

achegou ao Estado vía impostos 11.131 M€, mentres este retornou pouco máis de 7.000M€. Polo tanto, Galiza perde recursos para financiar ámbitos tan importantes como os servizos públicos e sociais. Fican polo tanto demostradas as limitacións e o esgotamento do actual marco político así como do sistema de financiamento autonómico e necesidade de impulsar unha mudanza do mesmo que permita financiar os servizos básicos e desenvolver de forma plena as competencias asumidas por Galiza.

Como agravante desta situación de financiamento insuficiente e exceso de restricións económicas que sofre Galiza, cabe sinalar a deficiente planificación orzamentaria da Xunta de Galiza, mesmo sinalada polo propio Consello de Contas en cada unha das súas edicións da Conta Xeral da Comunidade. Como exemplo desta situación, cómpre recordar que na máis recente, respecto de 2016 sinala elementos como que a Administración segue recorrendo ás ampliacións de créditos para os mesmos conceptos de gastos que en anos anteriores sen que cumpran a condición de imprevisibilidade esixida; que segue constatándose un uso excesivo da utilización do programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas* ou que o fondo de continxencia, lonxe de servir para a atención de gastos imprevistos e non discrecionais, constituíu unha ferramenta para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente planificación orzamentaria, por escasamente realista, e que son reiteradamente orzados á baixa para dotalos do crédito necesario ao longo do exercicio, ás veces incluso en base a estimacións e non a necesidades xurdidas. Esta é unha cuestión que se observa permanentemente no ámbito sanitario, onde mesmo respecto á execución orzamentaria de forma relevante no ámbito do SERGAS, a información que ofrece a liquidación do orzamento vén condicionada pola reiterada asunción de compromisos do exercicio anterior e a xeración de obrigas que non son obxecto de recoñecemento no exercicio. Isto, como os propios informes respecto do SERGAS poñen de manifesto as necesidades fondas do noso sistema sanitario público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

É precisamente o sanitario un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega diante do gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009. Durante a última década impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados e un longo etcétera.

De forma particular a Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros. As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite... ata o punto de que importantes demandas teñen a unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... e teñen feito rectificar ao goberno galego. Porén, esas rectificacións son aínda insuficientes.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta de Galiza ten que habilitar ferramentas que permitan iniciar unha fonda rectificación. Polo tanto, é necesario comezar a incrementar os recursos destinados fundamentalmente á contratación de profesionais. Esta medida deberá ser complementada nos vindeiros orzamentos dun aumento do orzamento destinado a Sanidade, un dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías, contratos estábeis e dignos, substitucións das e dos profesionais pola totalidade da ausencia e a demanda do aumento das prazas de formación de especialistas, MIR. Así





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

mesmo, é preciso acometer unha estratexia para a eliminación das listas de espera e un Plan de Mellora de Atención Primaria que para ser suficiente debера basearse no incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento para así comezar a superar a actual situación.

Finalmente, é necesario sinalar que outros servizos esenciais como o ensino ou as políticas sociais tamén teñen sufrido as consecuencias deste modelo errado e das decisións económicas contrarias aos intereses das maiorías sociais, derivando nun grave deterioro que mesmo afecta ás infraestruturas onde estes servizos se prestan, polo que é preciso acometer incrementos urxentes das partidas económicas que deben financiar o seu progresivo arranxo.

Constátase, desta forma, o fracaso da planificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019, invalidada para cumprir a folla de ruta que se marcaba, como por exemplo indica a súa exposición de motivos: “Estes orzamentos pretenden manter a alta calidade do noso sistema sanitario e impulsar as reformas que sexan necesarias nas súas infraestruturas e nos seus equipamentos para continuar non só garantíndoa senón mellorándoa. A política educativa seguirá asentándose sobre a consecución da calidade, a liberdade, a igualdade de oportunidades e o diálogo. Finalmente, as políticas sociais cos máis desfavorecidos e a atención ás persoas dependentes constitúen un compromiso irrenunciable e representan un importante esforzo neste orzamento.”

Todas as cuestións apuntadas demostran que deben iniciarse políticas urxentes de rectificación da liña económica e política do goberno galego que deben ir encamiñadas a un cambio de modelo. Primeiro, da relación económica co Estado; segundo, da planificación e das prioridades dos orzamentos da Xunta de Galiza nos próximos períodos. Porén, diante das urxencias manifestadas, propónse esta lei para





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

habilitar unha serie de suplementos, conscientes de que son insuficientes para abordar dunha forma estrutural as necesidades pendentes.

A presente norma consta de sete artigos, unha disposición adicional, tres disposicións derradeiras e cinco anexos complementares con información orzamentaria das minoracións e as ampliacións de orzamento.

No primeiro Artigo sinálanse os obxectivos e destino da habilitación dun suplemento de crédito en políticas de gasto sanitario para axudar a frear o deterioro da sanidade pública galega, nomeadamente da atención primaria e a deficiente dotación de persoal, dando cobertura dunha forma inicial ás demandas sociais e profesionais na materia.

No segundo e terceiro artigo recóllense as necesidades dos correspondentes suplementos de crédito en políticas de gasto para corrixir as graves deficiencias dos centros dependentes da Consellaría de de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellaría de Política Social, necesarios para poder desenvolver as actuacións correspondentes.

No penúltimo dos Artigos, o número 4, contéplase un suplemento de crédito para a adopción de medidas urxentes para a prevención de incendios diante da insuficiencia dos mecanismos que previa orixinalmente a planificación orzamentaria do ano 2019, a falta de atendimento das xa incompletas medidas emanadas do Ditame da Comisión de Estudo do Parlamento Galego e as necesidades dunha meirande colaboración coas entidades locais e de reforzo das infraestruturas básicas de protección e actuación ao longo do territorio.

Por último, no artigo quinto sinálanse os mecanismos excepcionais de financiamento dos suplementos de crédito contemplados na presente lei.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

Complementariamente, detállanse as aplicacións e modificacións orzamentarias correspondentes a este Articulado nos cinco anexos complementarios.

Finalmente, nas disposicións finais desta lei contéplase dunha banda a necesidade de continuar o camiño de rectificación na planificación orzamentaria da Xunta de Galiza evidenciada así como as disposicións finais habituais en materia de habilitación normativa e entrada en vigor.

Artigo 1. Suplemento de crédito en políticas de gasto sanitario para axudar a frear o deterioro da sanidade pública galega, nomeadamente da atención primaria e a deficiente dotación de persoal.

Co obxectivo de reforzar a atención primaria na sanidade pública galega e frear o seu deterioro contéplase un incremento no orzamento da sección 12, Consellaría de Sanidade, centrado o groso dos montantes na cobertura das necesidades de persoal.

O detalle deste suplemento para o gasto sanitario detállase no Anexo I.

Artigo 2. Suplemento de crédito en políticas de gasto en educación para corrixir as graves deficiencias dos centros dependentes da Consellaría de de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 10, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no servizo 10, Secretaría Xeral Técnica, por un importe total de 22.683.741 euros.

O detalle das aplicacións orzamentarias que corresponden a este suplemento recóllense no Anexo II.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

Artigo 3. Suplemento de crédito para a adopción de medidas de reforzo do gasto social que palien o deterioro dos servizos sociais dependentes da Xunta de Galiza.

Co obxecto de reforzar o gasto social e comezar a reverter as consecuencias das reducións orzamentarias experimentadas destinaranse recursos adicionais para o financiamento de diferentes medidas que corrixa a deficiencia extrema dos centros de atención de diferentes colectivos. Concédese un suplemento de crédito no orzamento da Sección 13, Consellaría de Política Social, no servizo 01, Secretaría Xeral Técnica, por un montante total de 6.167.554 euros.

O reflexo orzamentario desta medidas recóllese no Anexo III da presente lei.

Artigo 4. Suplemento de crédito para a adopción de medidas urxentes para a prevención de incendios.

Coa finalidade de impulsar medidas de imperiosa necesidade como o impulso á prevención dos incendios concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 14, Consellaría de Medio Rural, por un montante total de 3.000.000 millóns de euros para reforzo de infraestruturas e da colaboración coas entidades locais.

Detállanse as aplicacións orzamentarias correspondentes no Anexo IV.

Artigo 5. Financiamento dos suplementos de crédito contemplados na presente lei.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

Para o financiamento dos suplementos de crédito contemplados na presente lei recorrerase a retencións de crédito de non dispoñibilidade e posterior minoracións do estado de gasto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 conforme se detalla no Anexo V.

Artigo 6. Modificación dos orzamentos de explotación e capital da Sociedade Publica de Investimentos S.A, Xestur S.A e Fundación Pública Sanitaria 061

1. Os órganos de administración da Sociedade Pública de Investimentos S.A e da Sociedade Xestur S.A, adaptarán os seus orzamentos de explotación e capital en función do disposto nesta lei.

2. O padroado da Fundación Pública Sanitaria 061 adaptará os seus orzamentos de explotación e capital en función do disposto nesta lei.

Artigo 7. Rendición de contas e transparencia.

Cada dous meses a consellaría competente en xestión orzamentaria da Xunta de Galiza remitirá ao Parlamento Galego un informe detallado en formato de xestión dixital do cumprimento da presente lei que será complementario da información orzamentaria remitida periodicamente conforme estipula a Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 e a restante normativa vixente.

Disposición adicional. A Xunta de Galiza presentará nun prazo máximo de tres meses no Parlamento Galego unha proposta de planificación para a reestruturación da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

débeda, a corrección do infrafinanciamento do servizos públicos e a negociación dun novo sistema de financiamento da Comunidade Autónoma.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019.

Realizaranse as modificacións complementarias necesarias da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2019 para adaptarse aos preceptos contemplados na presente lei.

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa

Autorízase ao Consello da Xunta para que dite as normas precisas para a execución do disposto na presente lei.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor no día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

ANEXOS

Anexo I – Actuacións para frear o deterioro da Atención Primaria

ENTIDADE	SECCION	SERVIZO	PROGRAMA		CONCEPTO		EXPLICACIÓN	IMPORTE
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	12	01	411A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	43007	TRANSFERENCIAS CORRENTES SERGAS	TRANSFERENCIA CORRENTE SERVICIO GALEGO DE SAUDE	93.010.403
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	12		411A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	73007	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL SERGAS	TRANSFERENCIA DE CAPITAL SERVICIO GALEGO DE SAUDE	11.140.377
							TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL	104.150.780
SERGAS	12	80	412B	ATENCIÓN PRIMARIA	12000	SOLDOS SUBGRUPO A1	AUMENTO PRAZAS DE PERSOAL ATENCIÓN PRIMARIA	93.010.403
SERGAS	12	80	412B	ATENCIÓN PRIMARIA	6212	EQUIPAMENTOS (MAQUINARIA E MOBILIARIO)	EQUIPAMENTOS, MAQUINARIA E MOBILIARIO CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA	11.140.377
TOTAL CONSOLIDADO								104.150.780

Anexo II - Actuacións para frear o deterioro de centros de ensino dependentes da Xunta de Galiza

ENTIDADE	SECCION	SERVIZO	PROGRAMA		CONCEPTO		IMPORTE MODIFICACION
XUNTA DE GALICIA	4	10	421A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	73200	MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	1.300.000
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	10	10	422A	EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	6221	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS 1 CONSTRUCIONS	14.031.173
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	10	10	422M	ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	6221	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS 1 CONSTRUCIONS	8.652.568
TOTAL CONSOLIDADO							22.683.741





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

Anexo III - Actuacións para frear o deterioro das infraestruturas destinadas aos servizos sociais dependentes da Xunta de Galiza

ENTIDADE	SECCION	SERVIZO	PROGRAMA		CONCEPTO		IMPORTE
SECRETARIA XERAL TECNICA	13	01	311A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	6231	ADQUISICIÓNS EQUIPAMENTOS CENTROS	268.000
SECRETARIA XERAL TECNICA	13	01	311A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	6321	ENERXÉTICA E CONFORT DOS USUARIOS	4.215.000
SECRETARIA XERAL TECNICA	13	01	311A	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	6331	INSTALACIÓNS DOS CENTROS ASISTENCIAIS	1.304.936
D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	13	02	312B	PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	73213	AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	379.618
							6.167.554
AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	13	A1	312B	PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	6321	INVESTIMENTOS EN ESCOLAS INFANTÍS	323.474
AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	13	A1	312B	PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	6331	INSTALACIÓNS DOS CENTROS ASISTENCIAIS	56.144
							379.618
							6.547.172
							-379.618
TOTAL CONSOLIDADO							6.167.554

Anexo IV - Actuacións para medidas urxentes para a prevención de incendios.

ENTIDADE	SECCION	SERVIZO	PROGRAMA		CONCEPTO		IMPORTE
DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL	14		2551B	ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL		760 INVESTIMENTOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS	2.000.000
DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL	14		2551B	ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL		601 (OBRAS HIDRÁULICAS, MEDIO NATURAL)	1.000.000
							1.000.000
TOTAL CONSOLIDADO							3.000.000





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

Anexo V - Baixas de Crédito

ENTIDADE	SECCION	SERVIZO	PROGRAMA	CONCEPTO	EXPLICACIÓN	IMPORTE
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	04	40	441A	6229	OBRAS POR MANDATO A SPI	-500.000
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	05	21	121A	6229	OBRAS POR MANDATO A SPI	-2.824.570
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	07	01	451A	73205	IGVS	-12.677.505
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	08	01	512B	73204	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	-32.000.000
					TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL	48.002.075
IGVS	07	83	531A	8540	SOCIEDADES PÚBLICAS AUTÓNOMICAS	-12.677.505
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	08	A1	512B	6009	OBRA NOVA POR MANDATO A SPI	-32.000.000
					TOTAL AXENCIAS PÚBLICAS E ORGANISMOS AUTÓNOMOS	44.677.505
					TOTAL ORZAMENTO BRUTO	92.679.505
					TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS	44.677.505
TOTAL CONSOLIDADO 48.002.075						
INFRAESTRUTURAS	8	1	511A	640.0	INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INN	200.000,00
INFRAESTRUTURAS	8	1	512B	73204	TRANSFERENCIAS AGI	74.000.000,00
INFRAESTRUTURAS	8	2	512A	640.0	ESTUDOS E PROXECTOS TRANSP	500.000,00
M. AMBIENTE	7	1	451A	73005	TRANSFERENCIA IGVS	5.000.000,00
PRESIDENCIA	4	10	111A	110	PERSOAL GABINETE	200.000,00
PRESIDENCIA	4	10	111A	226	GASTOS DIVERSOS	100.000,00
PRESIDENCIA	4	20	461A	110	PERSOAL GABINETE	150.000,00
PRESIDENCIA	4	20	461A	22608	COBERTURA INFORMATIVA	200.000,00
PRESIDENCIA	4	20	461A	6400	PROGRAMAS COMUNICACIÓN SOC	500.000,00
VICEPRESIDENCIA	5	21	121A	110	PERSOAL GABINETE	120.000,00
VICEPRESIDENCIA	5	21	121A	632.0	INVESTIMENTO REPOSICIÓN	1.000.000,00
FACENDA	6	1	611A	110	PERSOAL EVENTUAL DE GABINETE	257.284,00
FACENDA	6	1	611A	212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	3.100,00
FACENDA	6	1	611A	213	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UT	1.200,00
FACENDA	6	1	611A	22000	ORDINARIO NON INVENTARIABLE	31.234,00
FACENDA	6	1	611A	22001	PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OU	61.183,00
FACENDA	6	1	611A	22002	MATERIAL INFORMÁTICO NON INVE	40.394,00
FACENDA	6	1	611A	222	COMUNICACIÓNS	38.464,00
FACENDA	6	1	611A	223	TRANSPORTES	3.000,00
FACENDA	6	1	611A	226	GASTOS DIVERSOS	63.800,00
FACENDA	6	1	611A	227	TRABALLOS REALIZADOS POR OU	219.497,00
GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	23	2	621B	500	FONDO DE CONTINXENCIA	4.500.000,00
FACENDA	6	1	611A	6401	ASESORAMENTO EXTERNO	60.000,00
FACENDA	6	1	612A	640	INVESTIMENTOS INMATERIAIS	750.844,00
TOTAL CONSOLIDADO 88.000.000						





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:01:30
Nº Rexistro: 49600
Data envío: 06/05/2019 17:01:30.978

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06 / 05 / 2019 17:00:10

Ana Pontón Mondelo na data 06 / 05 / 2019 17:00:15



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade, con texto completo alternativo ao proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.**

LEI POLO QUE SE CONCEDE UN SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA O REFORZO DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O ANO 2019 E CO OBXECTIVO DESTACADO DE PROPORCIONAR RECURSOS ADICIONAIS PARA A ATENCIÓN PRIMARIA DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.

Exposición de motivos

O artigo 62 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que cando deba realizarse algún gasto con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma que non poda demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito nos estados de gastos, ou sexa insuficiente e non ampliable o consignado, o Conselleiro de Facenda, previo informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos, someterá ao acordo da Xunta, para a súa remisión ao Parlamento, un proxecto de lei de concesión dun crédito extraordinario no primeiro caso ou dun suplemento de crédito no segundo, no que se especificarán necesariamente os recursos con que se financiará o gasto xerado por estas causas, e o detalle do concepto orzamentario que se debe crear ou que é suplementado.

Perante a necesidade de crédito adicional, nas Seccións 4 "Presidencia da Xunta de Galicia", 10 "Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional", 12 "Consellería de Sanidade, 13 "Consellería de Política social" e 14 "Consellería do Medio Rural", que permitan financiar as actuacións que de seguido se describen, e dada a dificultade de financiarlas con transferencias orzamentarias, nin ter os correspondentes créditos consignados nos orzamentos a consideración de crédito ampliable consonte o disposto no artigo 64 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no artigo 7 da Lei 2/2018,



do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, compre impulsar a presente lei de suplemento de crédito.

A modificación orzamentaria que se aproba garante o cumprimento da normativa financeira e das regras fiscais ás que están suxeitas as finanzas da comunidade autónoma, na medida en que non supón un aumento substancial dos créditos do orzamento consolidado.

No que atinxe ao destino dos créditos suplementados, estes afectan preferentemente a políticas de gasto social, e dun xeito destacada ao gasto sanitario, que se complementan cun financiamento adicional para infraestruturas forestais preventivas.

En materia de educación as actuacións pivotan nunha dobre vertente. Por unha banda, a execución de obras de eficiencia enerxética e modernización de edificios educativos, consonte á actualización aprobada o pasado mes de xaneiro do Plan de Infraestruturas Educativas 2016-2021. Estas actuacións deben realizarse antes do comezo do curso escolar 2019- 2020 e desenvolverse en período non lectivo, e recollen actuacións en catorce colexios de educación infantil e primaria, seis institutos de educación secundaria e dous centros públicos integrados, etc. Por outra banda, para engadir centros adicionais nunha nova edición do Plan E-Dixgal, que permitirá avanzar na dixitalización do alumnado galego, ao que se dedicará un investimento de 6,5 millóns de euros en total coa incorporación da dotación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional correspondente.

Un segundo grupo son actuacións de mellora e eficiencia enerxética, que tamén requiren a súa realización no período de verán, das instalacións dos centros de política social, tanto as referentes ás escolas infantís e centros de menores, como residencias, centros de maiores e sociocomunitarios, centros de atención a persoas con discapacidade, centros ocupacionais e algunha actuación puntual en centros de xuventude.

Igualmente recóllense actuacións infraestruturais no medio rural de carácter prioritario, estas impulsarán as medidas recollidas o pasado mes de setembro no ditame da comisión de estudio da Política Forestal, Prevención e Extinción de Incendios do Parlamento de Galicia.



Tamén se recollen recursos adicionais para atención especializada polo miúdo para reforzar o equipamento hospitalario e para o financiamento do transporte sanitario urxente con novos servizos e de máis calidade.

Pero onde a lei se centra dun xeito máis relevante é nas actuacións previstas no eido da sanidade, que atinxen de xeito especial ao impulso cara un novo modelo de atención primaria, baseado en equipos multidisciplinares cun enfoque renovado da interrelación entre os profesionais e entre estes e a comunidade, que debe dar solución tanto á patoloxía aguda como á maior parte da patoloxía crónica, converténdose en pilar fundamental para promover a saúde e previr a enfermidade, liderando para isto os proxectos de saúde comunitaria que se definan.

As medidas complementarias a adoptar están plenamente xustificadas xa que a situación da atención primaria de Galicia sufriu nos últimos dous lustros un importante deterioro, que está a ter consecuencias moi negativas para o conxunto da cidadanía. Boa mostra desta fractura sanitaria é a situación deficiente na que se atopan boa parte dos seus profesionais, incluso con abundantes dimisións levadas a cabo, o que evidencia a falla de vontade por parte do executivo de posibilitar unhas melloras necesarias, así como á de considerar as súas demandas e o establecemento dunhas mellores condicións para o exercicio da súa labor.

Ao mesmo tempo estase a asistir a numerosos conflitos en practicamente todos os puntos da noso territorio, con queixas habituais de colectivos sociais sobre diversas carencias asistenciais, ante a ausencia de decisións e actuacións adecuadas da Xunta de Galicia, que vén a amosar o problema da evidente falla de xestión e de erros nas políticas autonómicas. Falla de investimentos en infraestruturas sanitarias, escaseza de servizos, recorte en algúns casos dos actuais, etc., conforman un panorama ao que é necesario facer fronte sen máis dilación.

Entre os problemas existentes sen dúbida pode contabilizarse a diminución evidente dos profesionais de atención primaria, así como os importantes recortes do gasto levados a cabo nos últimos anos neste ámbito, cunhas dotacións que non foron acordes ás demandas existentes e cuns investimentos tremendamente paupérrimos.

Se no ano 2009 os orzamentos galegos aprobaban para o programa de Atención Primaria de sanidade, unha contía que ascendía a 1.436.746.424 euros, dez anos



despois ten diminuído ata os 1.248.465.224 euros, ambas cantidades ademais en euros correntes de cada ano. Polo que o descenso real é aínda superior, situándose na actualidade no entorno de practicamente unha cuarta parte menos.

Ademais a previsión de recursos humanos do sistema evidencia unha elevada perda de profesionais para os vindeiros anos, por cuestión de xubilacións, ao que non se engaden políticas que permitan planificar un relevo xeracional no sistema sanitario nin a curto, medio nin longo prazo.

Faise, polo tanto, necesario e urxente atender as necesidades directas e inmediatas para o exercicio do 2019, para o cal é necesario proceder a habilitar unha serie de novas medidas, o que vén a constituír o obxecto desta lei, as cales deben necesariamente comportar un indispensable aumento de recursos.

Dotacións que financiarán os gastos recollidos na lei para o exercicio do 2019 que resta, ata un importe global de sesenta millóns de euros, pero que deberán ter a súa lóxica continuidade nas correspondentes contías para anos posteriores a través das partidas orzamentarias a aprobar xa dentro dos orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma.

Pechan a lei dúas disposicións derradeiras que regulan, respectivamente, a habilitación normativa e a entrada en vigor.

Artigo 1. *Suplemento de crédito en políticas de gasto en educación*

1. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 04 "Presidencia da Xunta de Galicia", no servizo 01 "Secretaría Xeral da Presidencia" e no servizo A1 "Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia", por un importe total de 1.300.000 euros.
2. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 10 "Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional", no servizo 10 "Secretaría Xeral Técnica", por un importe total de 21.383.741 euros.
3. O detalle das aplicacións orzamentarias que corresponden a este suplemento recóllese nas dotacións do anexo I.



Artigo 2. *Suplemento de crédito en políticas de gasto sanitario*

1. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 12 "Consellería de Sanidade", no servizo 01 "Secretaría Xeral Técnica" e no servizo 80 "Servizo Galego de Saúde", por un importe total de 16.150.780 euros.
2. O detalle das aplicacións orzamentarias que corresponden a este suplemento recóllese nas dotacións do anexo II.

Artigo 3. *Suplemento de crédito en políticas de acción social e promoción Social*

1. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 13 "Consellería de Política Social", no servizo 01 "Secretaría Xeral Técnica", por un importe total de 6.167.554 euros, dos que 379.618 aumentan os orzamentos do servizo A1 "Axencia Galega de Servizos Sociais".
2. O detalle das aplicacións orzamentarias que corresponden a este suplemento recóllese nas dotacións do anexo III.

Artigo 4. *Suplemento de crédito en políticas de actuacións e valorización do medio rural*

1. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 14 "Consellería de Medio Rural", no servizo 02 "Dirección Xeral de Ordenación Forestal", por un importe total de 3.000.000 euros.
2. O detalle das aplicacións orzamentarias que corresponden a este suplemento recóllese nas dotacións do anexo IV.

Artigo 5. *Aumentos de crédito para reforzar o gasto destinado ao programa de atención primaria do Sergas.*

- 1.- De cara a reforzar o gasto destinado ao programa de atención primaria do Sergas, destinaranse recursos adicionais para o financiamento das seguintes medidas:



- a) Realizar a contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e evitar o peche de centros e a concentración de servizos.
- b) Atender ás demandas dos colectivos profesionais, especialmente os referidos á dimensión dos cadros de persoal e a calidade das condicións laborais do persoal traballador do sistema público de saúde de Galicia.
- c) Cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.
- a) Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.
- b) Establecer e mellorar os servizos tendentes a dar cobertura ás demandas existentes.

2.- O importe global ascende a 60.000.000 euros.

3.- O detalle das aplicacións orzamentarias que corresponden a este aumento recóllese nas dotacións do anexo V

Artigo 6. Financiamento dos créditos

1.- Os suplementos de crédito que se conceden nos artigos 1, 2, 3 e 4 financiaranse, en termos consolidados, con retencións de crédito de non dispoñibilidade e posterior baixa nas aplicacións orzamentarias que se detallan no anexo VI.

2.- Os aumentos de crédito para financiar as actuacións previstas no artigo 5, financiaranse cas baixas dos importes das partidas de gasto e aumento das partidas de ingresos que se detallan no anexo VII.

Artigo 7. Modificación dos orzamentos de explotación e capital da Sociedade Publica de Investimentos S.A, Xestur S.A e Fundación Pública Sanitaria 061

1. Os órganos de administración da Sociedade Pública de Investimentos S.A e da Sociedade Xestur S.A, adaptarán os seus orzamentos de explotación e capital en función do disposto nesta lei.



2. O padroado da Fundación Pública Sanitaria 061, adaptará os seus orzamentos de explotación e capital en función do disposto nesta lei.

Disposición final Primeira. Habilitación normativa

Autorízase ao consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro competente en materia de facenda, á aprobación das normas precisas para a execución do disposto na presente lei, así como a que, en función das modificacións que na mesma se recollen, proceda ao novo establecemento dos estados consolidados, desagregación de créditos consonte a finalidade a que van dirixidos e nova distribución orgánica e económica resultante, os cales fará públicos a través da correspondente publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición final Segunda. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO I						
REFORZO ACTUACIÓNS EN MATERIA EDUCACIÓN						
Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1- Xunta de Galicia	4	10	421A	73200	PROXECTO EDUCACIÓN DIXITAL NOS CENTROS EDUCATIVOS	1.300.000
1 - Xunta de Galicia	10	10	422A	6221	ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E MODERNIZACIÓN INFRAESTRUTURAS	14.031.173
1 - Xunta de Galicia	10	10	422M	6221	ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E MODERNIZACIÓN INFRAESTRUTURAS	7.352.568
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL						22.683.741
303 - Axencia de Moderniación Tecnolóxica de Galicia	4	A1	421A	6260	PROXECTO EDUCACIÓN DIXITAL NOS CENTROS EDUCATIVOS	1.300.000
TOTAL AXENCIAS PÚBLICAS						1.300.000
TOTAL ORZAMENTO BRUTO						23.983.741
TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS						-
TOTAL CONSOLIDADO						22.683.741



ANEXO II						
REFORZO ACTUACIÓNS EN MATERIA SANIDADE						
Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1- Xunta de Galicia	12	1	411A	43007	TRANSFERENCIA CORRENTE SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	5.010.403
1 - Xunta de Galicia	12	1	411A	73007	TRANSFERENCIA CAPITAL SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	11.140.377
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL						16.150.780
103 - Servizo Galego de Saúde	12	80	412B	12000	AUMENTO PRAZAS DE PERSOAL ATENCIÓN PRIMARIA	1.556.358
103 - Servizo Galego de Saúde	12	80	412B	13100	NOMEAMENTO DE CONTINUIDADE EN ATENCIÓN PRIMARIA	2.049.795
103 - Servizo Galego de Saúde	12	80	412B	6212	EQUIPAMENTOS, MAQUINARIA E MOBILIARIO CENTROS DE ATNECIÓN PRIMARIA	8.591.000
103 - Servizo Galego de Saúde	12	80	412B	6311	PLAN DE REFORMA, AMPLIACIÓN E MELLORAS CENTROS ATENCIÓN PRIMARIA	453.627
103 - Servizo Galego de Saúde	12	80	412A	6212	EQUIPAMENTOS, MAQUINARIA E MOBILIARIO CENTROS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA	2.095.750
103 - Servizo Galego de Saúde	12	80	412A	44312	URXENCIAS SANITARIAS 061 REFORZO AMBULANCIAS	1.404.250
TOTAL ORGANISMOS AUTÓNOMOS						16.150.780
TOTAL ORZAMENTO BRUTO						32.301.560
TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS						16.150.780
TOTAL CONSOLIDADO						16.150.780



ANEXO III						
REFORZO ACTUACIÓNS EN MATERIA POLÍTICA SOCIAL						
Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1- Xunta de Galicia	13	1	311A	6231	ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DOS CENTROS SERVIZOS SOCIAIS	268.000
1- Xunta de Galicia	13	1	312A	6321	ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS	4.215.000
1- Xunta de Galicia	13	1	313A	6331	ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS	1.304.936
1 - Xunta de Galicia	13	2	312B	73213	ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS NOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS	379.618
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL						6.167.554
307 – Axencia Galega de Servizos Sociais	13	A1	312B	6321	ACTUACIÓNS DEFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ESCOLAS INFANTIS	323.474
307 – Axencia Galega de Servizos Sociais	13	A1	312B	6331	ACTUACIÓNS DEFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ESCOLAS INFANTIS	56.144
TOTAL ORGANISMOS AUTÓNOMOS						379.618
TOTAL ORZAMENTO BRUTO						6.547.172
TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS						- 379.618
TOTAL CONSOLIDADO						6.167.554



ANEXO IV						
REFORZO INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E PREVENCIÓN						
Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1- Xunta de Galicia	14	2	551B	6401	INFRAESTRUTURA RUAL EQUIPAMENTO E PREVENCIÓN INCENDIOS	2.000.000
1- Xunta de Galicia	14	2	551B	601	PREVENCIÓN INCENDIOS	1.000.000
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL						3.000.000
TOTAL CONSOLIDADO						3.000.000

ANEXO V						
REFORZAMENTO GASTO SANITARIO						
Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
103-Sergas	12	80	412B	12000	CADROS DE PERSOAL	16.000.000
103-Sergas	12	80	412B	13100	CADROS DE PERSOAL	5.000.000
103-Sergas	12	80	412B	6405	PLAN DE MELLORA	12.000.000
103-Sergas	12	80	412B	62109	CENTROS DE SAÚDE - CONSTRUCCIÓN	16.000.000
103-Sergas	12	80	412B	62119	CENTROS DE SAÚDE - MELLORA	5.000.000
103-Sergas	12	80	412B	6406	AMPLIACIÓN SERVIZOS	6.000.000
TOTAL						60.000.000



ANEXO VI						
BAIXAS CRÉDITO						
Entidade	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Explicación	Importe
1- Xunta de Galicia	4	40	441A	6229	OBRAS POR MANDATO A SPI	500.000
1- Xunta de Galicia	5	21	121A	6229	OBRA NOVA POR MANDATOS A SPI	2.824.570
1- Xunta de Galicia	7	1	451A	73005	INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO	12.677.505
1 - Xunta de Galicia	8	1	512B	73204	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	32.000.000
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL						48.002.075
201 - Instituto Galego de Vivenda e Solo	12	80	412B	12000	ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS DE SOCIEDADES PÚBLICAS AUTONÓMICAS	12.677.505
302 - Axencia Galega de Infraestruturas	12	80	412B	13100	OBRA NOVA POR MANDATO A SPI	32.000.000
TOTAL AXENCIAS PÚBLICAS E ORGANISMOS AUTÓNOMOS						44.677.505
TOTAL ORZAMENTO BRUTO						92.679.580
TOTAL TRANSFERENCIAS INTERNAS						44.677.505
TOTAL CONSOLIDADO						48.002.075

ANEXO VII				
BAIXAS ESTADO DE GASTOS				
Sección	Servizo	Programa	Concepto	Importe



4	10	111A	11000	225.000
4	10	111A	16000	70.000
4	20	461A	11000	130.000
4	20	461A	16000	40.000
4	30	312C	11000	29.000
4	30	312C	16000	10.000
4	40	441A	11000	19.500
4	40	441A	16000	5.500
5	11	311A	11000	16.500
5	11	311A	16000	5.000
5	21	121A	11000	103.000
5	21	121A	16000	15.500
5	28	121A	11000	82.500
5	28	121A	16000	25.500
6	1	611A	11000	65.000
6	1	611A	16000	21.000
7	1	541A	11000	67.500
7	1	541A	16000	32.500
8	1	511A	11000	67.500
8	1	511A	16000	20.000
9	10	731A	11000	101.250
9	10	731A	16000	30.500
10	30	421A	11000	65.000
10	30	421A	16000	20.000
11	10	431A	11000	95.000
11	10	431A	16000	30.000
12	1	411A	11000	65.000
12	1	411A	16000	20.000
13	1	311A	11000	65.000
13	1	311A	16000	20.000
14	1	711A	11000	65.000
14	1	711A	16000	20.000
15	1	721A	11000	65.000
15	1	721A	16000	20.000
11	A2	761	6401	3.000.000
4	20	461A	6400	2.500.000
14	1	711A	6402	200.000
14	2	551B	6401	600.000
14	1	711A	6403	400.000
7	83	451A	6400	300.000
9	10	731A	6401	1.900.000
4	A1	571A	6260	3.000.000



23	2	621B	500	3.367.750
12	80	412A	500	31.000.000
TOTAL				48.000.000
AUMENTO NO ESTADO DE INGRESOS				
			110	6.000.000
			200	3.500.000
			201	2.500.000
TOTAL				12.000.000

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 18:08:21



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación
farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930, PL-000013)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 47930(10/PL-000013)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 455, 03.04.2019

Publicación de emendas á totalidade, 460, 12.04.2019

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 461, 15.04.2019

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 465, 23.04.2019

Publicación da ampliación do prazo de presentación de emendas, 468, 26.04.2019





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia

Ref: AG



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 7 de marzo de 2019.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de marzo dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a sete de marzo dous mil dezanove.


Vº e Prace
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN FARMACÉUTICA DE GALICIA





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I


O artigo 43 da Constitución Española recoñece o dereito á protección da saúde, atribuíndo aos poderes públicos a organización e tutela da saúde pública, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

Consonte co artigo 103 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, as oficinas de farmacia abertas ao público son establecementos sanitarios suxeitos á planificación sanitaria nos termos establecidos pola lexislación especial de medicamentos e farmacias.

A Lei 16/1997, de 25 de abril, de regulación de servizos das oficinas de Farmacia, co obxecto de mellorar a atención farmacéutica á poboación establece o marco xurídico básico, que debe ser completado polas comunidades autónomas competentes na materia.

Neste sentido, o artigo 28.8 do Estatuto de autonomía dispón que é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza en materia de establecementos farmacéuticos. E, conforme ao seu artigo 33 corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior e a execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos, engadindo o dito precepto, no seu número 4, que a Comunidade Autónoma poderá organizar e administrar a tales fins e dentro do seu territorio todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas, e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de Sanidade e Seguridade Social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ao cumprimento das funcións e competencias contidas no precepto.

Pola súa banda, o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, fixa os criterios básicos de ordenación do sector farmacéutico, tanto no que atinxe aos establecementos farmacéuticos como ao uso racional dos medicamentos, encomendando ás diferentes administracións con competencias en materia de sanidade, a ordenación das oficinas de farmacia, servizos farmacéuticos e prestacións farmacéuticas.





A Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, regulou ata o de agora a atención farmacéutica na nosa Comunidade Autónoma. Durante os dezanove anos transcorridos desde a súa entrada en vigor a dita lei foi obxecto de modificacións parciais. En primeiro lugar, pola Lei 4/2005, do 17 de marzo, co obxecto de reformar determinados aspectos da regulación do traslado e transmisión das oficinas de farmacia, así como introducir cambios na regulación da clasificación das unidades de radiofarmacia.

Posteriormente foi modificada pola Lei 7/2006, do 1 de decembro, co fin de eliminar a limitación da idade máxima de 65 anos para solicitar a autorización dunha oficina de farmacia, en atención aos razoamentos expostos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no auto no que este tribunal decidiu a formulación de cuestión de inconstitucionalidade no seo do recurso contencioso-administrativo número 4787/2001, interposto pola Federación de Empresarios Farmacéuticos de Galicia.

A terceira modificación efectuouse pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Neste caso as modificacións afectaron aos criterios a ter en conta na organización do réxime das quendas de garda das oficinas de farmacia, aos supostos de establecemento obrigatorio de servizos de farmacia nos hospitais, centros de asistencia social e psiquiátricos e aos recursos humanos cos que deberían contar, aos casos nos que poderían autorizarse depósitos de medicamentos e produtos sanitarios e ás súas funcións, e, finalmente, ao réxime sancionador, co obxecto de incorporar novas infraccións e actualizar o réxime das sancións inicialmente previstas.

A derradeira modificación efectuouse pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, afectando neste caso ao réxime de transmisión das novas oficinas de farmacia adxudicadas por concurso público, ampliando, ata os quince anos, o período mínimo para poder efectuar a transmisión daquelas e adaptando a esta modificación a regulación da rexencia.

Non entanto, estas modificacións parciais resultaron insuficientes, polo que cómpre acometer unha nova regulación integral da atención farmacéutica, máis acorde co presente e que permita afrontar e dar solución, de maneira máis eficaz, ás actuais necesidades e demandas tanto dos/das profesionais farmacéuticos/as como das persoas usuarias.





Esta nova regulación vén imposta ademais pola necesidade de adaptación da normativa autonómica á normativa estatal de obrigado cumprimento ditada con posterioridade á Lei 5/1999, do 21 de maio, como é o caso da contida no vixente texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo.

II

O obxecto desta lei é a regulación da atención farmacéutica en Galicia, entendida como un servizo de interese público que comprende un conxunto de actuacións que deben prestarse en tódolos niveles do noso sistema sanitario, dirixidas a garantirlle á cidadanía o acceso rápido, eficaz, oportuno, equitativo e racional aos medicamentos e produtos sanitarios que precise. Un servizo que ademais contribúa a facer un uso racional e eficiente deles nos distintos niveis de asistencia sanitaria e no ámbito da saúde pública, que sempre deberá ser prestado baixo a responsabilidade e supervisión dos/das profesionais farmacéuticos/as, en relación coa adquisición, custodia, conservación, distribución e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios.

A regulación da atención farmacéutica realízase desde unha perspectiva ampla, integradora dos diferentes sectores que levan a cabo a dispensación de medicamentos e produtos sanitarios. Por tal motivo, esta lei regula a atención farmacéutica prestada a través das oficinas de farmacia e boticas anexas, así como a prestada a nivel de atención primaria e especializada, e nas entidades prestadoras de servizos sociais e outros centros sanitarios. Perseguindo en todo caso, unha actuación coordinada dos distintos niveis, para ofrecerlle á cidadanía una atención farmacéutica integral.

As razóns anteriormente expostas son as que motivan a necesidade e oportunidade de promulgar unha nova lei máis acorde cos novos tempos, para o cal se contemplan distintas novidades respecto da regulación legal autonómica existente ata o de agora.

Así por un lado, a experiencia acumulada pola consellería competente en materia de sanidade ao longo deste tempo no ámbito das oficinas de farmacia, puxo de manifesto a necesidade de establecer uns procedementos de adxudicación de novas oficinas de farmacia mais áxiles e rápidos. Por este motivo, o inicio dos





concursos públicos de adxudicación das novas oficinas de farmacia efectuarase só de oficio pola consellería competente en materia de sanidade.

Ademais, co obxecto de lograr unha maior profesionalización deste sector, promover a racionalización da planificación farmacéutica, a regularización e reorganización do mapa farmacéutico, se introduce como novidade a convocatoria dun concurso previo de traslados ao que poderán concorrer os/as farmacéuticos/as titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia establecida na Comunidade Autónoma de Galicia. Con posterioridade, convocarase outro concurso para a provisión das oficinas de farmacia vacantes resultantes do concurso de traslado, que englobará tanto as novas oficinas de farmacia recollidas no mapa farmacéutico non cubertas como aquelas que quedaran libres por traslado da persoa titular sempre e cando se manteñan as razóns de interese público que o aconsellen e sigan sendo necesarias, á vista dos módulos poboacionais previstos nesta nova lei. A este procedemento poderán concorrer tódolos/as farmacéuticos/as que no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes fixado na convocatoria sexan ou non titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia, establecida dentro ou fóra da nosa comunidade, que non a teñan transmitido nos dez anos anteriores á dita data.

Outras novidades a destacar neste ámbito son a inclusión da esixencia de constitución de garantías a efectos do concurso público de adxudicación de novas oficinas de farmacia, de cara a asegurar a continuidade do dito procedemento así como a desaparición do suposto da caducidade das autorizacións administrativas por cumprimento da idade de 70 anos das persoas titulares delas ou a necesidade de autorización de nomeamento dun/dunha farmacéutico/a rexente nos casos de xubilación desta/a persoa/s. Non obstante, en todo caso, no momento de cumprir o/a farmacéutico/a titular ou cotitular a idade de 70 anos e de continuar exercendo dita función, resultará obrigada a contratación dun/dunha ou varios/as farmacéuticos/as adxuntos/as adicionais, segundo se determine regulamentariamente, a efectos de garantir a prestación dun servizo de calidade e coas máximas garantías, polo indubidable impacto que este ten na saúde da cidadanía.

Entre as novidades mais salientables destaca tamén a redución do período de duración da rexencia, que pasa dos cinco aos dous anos, agás nos casos de falecemento cando algún dos herdeiros en primeiro grao estea cursando estudos de farmacia, ou de incapacidade total ou absoluta do/a farmacéutico/a se non reúne os requisitos para a xubilación, nos que poderá estenderse ata un máximo





de cinco anos. Esta nova lei tamén acolle e adapta o réxime de transmisión de oficinas de farmacia introducido xa na modificación efectuada pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, no artigo 23.2 da anterior Lei 5/1999, do 21 de maio, na que se ampliaba o período esixido para poder proceder á transmisión das oficinas de farmacia adxudicadas polo procedemento de concurso público dos 3 aos 15 anos, contados dende a apertura ao público da oficina de farmacia, agás nos casos taxados previstos na lei, entre os cales non se recolle agora o suposto de xubilación do/a farmacéutico/a titular, o que resulta coherente trala eliminación da caducidade da autorización ao cumprir estes/as os 70 anos. Nesta liña cómpre salientar que, acorde co anterior, tampouco se recolle agora a xubilación entre os supostos nos que pode autorizarse o nomeamento dun rexente, o cal si permitía o artigo 12 da Lei 5/1999, do 21 de maio.

Polo que respecta á atención farmacéutica prestada nas oficinas de farmacia, a lei recolle expresamente a prohibición de desenvolver nos locais das oficinas de farmacia actividades de venda ao público de produtos distintos dos propios do canal farmacéutico ou actividades comerciais por sociedades mercantís ou outras entidades con personalidade xurídica diferenciada do/da farmacéutico/a titular ou da dos/as farmacéuticos/as cotitulares, con independencia de que o domicilio social radique na propia oficina de farmacia ou noutro lugar distinto. Ao mesmo tempo, prohibéase o arrendamento, o subarrendamento ou cesión, a título oneroso ou gratuíto, do uso dos locais das oficinas de farmacia a terceiras persoas distintas da persoa titular para o desenvolvemento de calquera actividade, incluso cando esas actividades teñan relación co ámbito sanitario.

Resulta tamén salientable como novidade neste eido a inclusión da posibilidade de que de xeito excepcional, e cando se cumpran determinados requisitos, a atención farmacéutica poida ser prestada domiciliariamente e a obriga de presenza física da persoa titular ou, no seu caso, dun/dunha cotitular, rexente ou substituto/a na oficina de farmacia de maneira habitual durante o horario de atención ao público, para realizar as funcións correspondentes a estes establecementos.

En materia de boticas anexas, destaca a incorporación da posibilidade de que no mapa farmacéutico se prevea, xunto á nova oficina de farmacia, a instalación dunha botica anexa vinculada a ela naquelas zonas especiais de difícil accesibilidade. A lei tamén recolle a posibilidade de proceder á autorización dunha botica anexa para prestar a atención farmacéutica naqueles casos nos que





se concedera unha autorización de traslado ou situación de peche que dificulte o acceso á atención farmacéutica da poboación.

No que atinxe ao establecemento das oficinas de farmacia, sexa por razón de nova instalación ou de cambio de localización, exceptúase o requisito de respectar a distancia mínima de 250 metros naquelas zonas farmacéuticas que contén cunha única oficina de farmacia, sempre e cando concorran razóns de interese xeral que así o xustifiquen. Ademais, naquelas oficinas de farmacia para cuxa instalación e apertura se tivese fixado unha delimitación territorial concreta, a obriga de respectar a dita delimitación no traslado poderá exceptuarse sempre e cando non se manteñan as condicións que motivaron a súa instalación nesa delimitación.

En materia de cambios de localización, a lei incorpora tamén a posibilidade de limitalos cando se aprecie que no caso de ser autorizados se produza un detrimento grave do servizo farmacéutico na zona en que se localiza a oficina de farmacia, en especial naqueles núcleos nos que soamente exista a oficina de farmacia establecida, sempre e cando se manteñan as condicións que motivaron a súa autorización inicial. Por último, a lei tamén incorpora o réxime de reforma dos locais de oficinas de farmacia, o cal non estaba regulado ata o de agora.

Respecto á atención farmacéutica prestada a nivel de atención primaria e nos hospitais, centros de asistencia social e outros centros, servizos e establecementos sanitarios, actualízanse as funcións das correspondentes unidades e servizos de farmacia, e se recollen as correspondentes ás unidades de radiofarmacia, consonte á normativa estatal de aplicación.

Así mesmo, a lei regula as entidades de distribución de medicamentos de uso humano e veterinario e produtos sanitarios, os depósitos de medicamentos e produtos sanitarios e outros aspectos relacionados coa información, promoción e publicidade de medicamentos e produtos sanitarios, e prohibe toda forma de publicidade e promoción das oficinas de farmacia, agás nos casos establecidos regulamentariamente, así como a organización de eventos ou actividades e a utilización de ferramentas que poidan implicar unha promoción da oficina de farmacia co fin de non interferir no dereito de libre elección de oficina de farmacia por parte da cidadanía.

Se establece por último, un novo réxime de incompatibilidades dos/das profesionais farmacéuticos/as e un novo réxime sancionador, o cal inclúe unha





relación exhaustiva das infraccións e as correspondentes sancións, a salvo en todo caso das establecidas no texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, e o prazo para resolver e notificar as resolucións ditadas nos expedientes por infraccións en materia de establecementos farmacéuticos e medicamentos, produtos sanitarios, cosméticos e produtos de coidado persoal. Inclúese entre as sancións a de revogación da autorización daquelas oficinas de farmacia nas que se verifique o incumprimento de xeito reiterado e inxustificado da obriga da dispensación de medicación que lles sexa solicitada pola cidadanía nas condicións legal e regulamentariamente establecidas.

III

A lei estrutúrase en dez títulos.

O título preliminar define o seu obxecto e ámbito de aplicación, que é o de regular a atención farmacéutica no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O título I está adicado á atención farmacéutica. No capítulo I relativo ás disposicións xerais, defínese a atención farmacéutica, enuméranse cales son os establecementos e servizos encargados da mesma, as modalidades e prohibicións de venda de medicamentos e produtos sanitarios para a venda directa aso/ás profesionais da medicina, odontoloxía, veterinaria e podoloxía exclusivamente dos medicamentos necesarios para o exercicio da súa actividade profesional e os supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios.

O capítulo II refírese aos dereitos e obrigas, tanto dos establecementos e servizos de atención farmacéutica como da cidadanía, garantindo, entre aqueles, o dereito á saúde da mesma nos casos de exercicio do dereito á obxección de conciencia.

Finalmente, no capítulo III establécese o réxime das autorizacións administrativas nos establecementos e servizos de atención farmacéutica.

O título II regula a atención farmacéutica no nivel da atención primaria, dividíndose en tres capítulos. O capítulo I, correspondente ás oficinas de farmacia, subdivídese en 7 seccións, relativas á súa definición, funcións condicións e requisitos xerais; titularidade e persoal; atención ao público;





planificación e ordenación territorial de novas oficinas de farmacia; procedemento de outorgamento da autorización de instalación de novas oficinas de farmacia; cambios de localización, reforma de local e limitacións; transmisión e peche.

No capítulo II establécense as condicións para a apertura de boticas anexas. Como novidade a destacar incorpórase a posibilidade de que no trámite de planificación da autorización de novas oficinas de farmacia, xunto á nova oficina de farmacia se prevea a instalación dunha botica anexa vinculada a ela naquelas zonas de difícil accesibilidade.

Finalmente, o capítulo III recolle a definición e establece as funcións das unidades de farmacia nos centros de atención primaria, deixando para unha regulación posterior a determinación das condicións, requisitos e os recursos materiais e humanos cos que deben contar as ditas unidades.

Pola súa banda, o título III trata da atención farmacéutica nos hospitais, centros de asistencia social e outros centros, servizos e establecementos sanitarios, regulando nel tamén os depósitos de medicamentos e produtos sanitarios. Nel se establecen os supostos nos que será obrigatorio contar cun servizo de farmacia propio, se regulan as súas funcións así como os recursos materiais e humanos dos que deben dispor.

Segundo o establecido no título IV, a distribución de dos medicamentos autorizados realizarase a través de das entidades de distribución ou directamente polo laboratorio titular da autorización de comercialización daqueles. Estas entidades e, no seu caso, os laboratorios farmacéuticos que distribúan directamente os seus produtos, deberán dispoñer do persoal, dos locais, instalacións e equipos adecuados e suficientes para garantir a adecuada conservación e distribución dos medicamentos, e deberán cumprir os requisitos establecidos na normativa aplicable así como nas normas de boas prácticas de distribución de medicamentos de uso humano. A lei tamén incorpora a prohibición do arrendamento, subarrendo ou cesión a terceiras persoas, dos locais ou instalacións das entidades de distribución. Ademais esixe o nomeamento dun/ dunha director/a técnico/a farmacéutico/a, cuxo cargo será incompatible co desempeño profesional doutras actividades de carácter sanitario que supoñan intereses directos coa fabricación ou dispensación de medicamentos e produtos sanitarios, ou que resulten en detrimento do adecuado cumprimento das súas funcións.





O título V está adicado ás unidades de radiofarmacia. Nel establécese que a elaboración dos medicamentos radiofármacos de uso humano axustarase á normativa que os regule. Tamén recolle os tipos de unidades, as autorizacións, os seus recursos humanos e as funcións destas. A lei prevé que en todo caso, a persoa responsable destas unidades debe ser un/unha facultativo/a especialista en radiofarmacia. Asemade, para o funcionamento destas unidades é requisito inescusable a presenza do/a dito facultativo/a.

O título VI refírese á distribución e dispensación de medicamentos veterinarios, e nel se establece que se levará a cabo nos establecementos e servizos e nas condicións establecidas pola normativa estatal aplicable, pola presente lei e polas normas regulamentarias autonómicas que poidan ditarse. Co obxecto de facilitar a distribución dos medicamentos veterinarios desde os laboratorios fabricantes e as entidades importadoras aos establecementos e servizos de dispensación autorizados, a lei prevé a posibilidade de mediación dos centros de distribución de medicamentos veterinarios.

O título VII está adicado aos/ás profesionais farmacéuticos/as e outro persoal dos establecementos e servizos de atención farmacéutica. A lei define aos/ás profesionais farmacéuticos como aquelas persoas que, posuíndo a titulación correspondente, desenvolvan as súas funcións nos establecementos e servizos de atención farmacéutica regulados nela. De acordo co establecido no dito título, a consellería competente en materia de sanidade, en colaboración coas universidades, os colexios oficiais de farmacéuticos, sociedades científicas e outras organizacións profesionais, impulsará a formación continuada dos/as profesionais farmacéuticos/as e do persoal auxiliar dos establecementos e servizos de atención farmacéutica, coa finalidade de ofrecer unha prestación útil e eficiente á cidadanía a través da actualización dos seus coñecementos. Finalmente, o citado título recolle o réxime de incompatibilidades no exercicio profesional farmacéutico nos establecementos e servizos que a lei regula.

O título VIII regula a publicidade, e promoción e información dos medicamentos, e produtos sanitarios prevendo a adopción das medidas oportunas para garantir que a información, a promoción e a publicidade dos medicamentos e produtos sanitarios, destinadas aos/ás profesionais da saúde ou á poboación en xeral, se axusten a criterios de veracidade, evitando inducir a unha utilización incorrecta ou a un sobre consumo.





No título IX regúlase o réxime sancionador, e nel se recollen os tipos de infraccións sanitarias, as sancións, as medidas cautelares que poidan ser adoptadas, a duración do procedemento e os prazos de prescrición das infraccións e sancións impostas.

Por último, con respecto ás disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras, cabe destacar a posibilidade, incluída na disposición adicional única, de instrumentar a colaboración entre a administración sanitaria, os colexios oficiais de farmacéuticos, organizacións non gobernamentais, organizacións e colectivos representativos do sector, a través da subscripción de convenios de colaboración. Complétase o texto con cinco disposicións transitorias: a primeira, relativa á aplicación das disposicións regulamentarias vixentes en tanto non se aproben as normas de desenvolvemento previstas na lei, en todo o que non se opoñan ao disposto nela; a segunda relativa ao réxime aplicable aos distintos procedementos sobre autorización de nova instalación, apertura e funcionamento, reforma, cambio de localización, transmisión e peche de oficinas de farmacia iniciados con anterioridade á entrada en vigor da lei, así como os procedementos sancionadores que se atopen en tramitación na data de entrada en vigor da presente lei. A terceira relativa ás regras aplicables aos locais das oficinas de farmacia en función da súa data de inicio; a cuarta relativa aos criterios temporais de aplicación do réxime de garda e vacacións; e a quinta e última sobre o réxime de transmisión das oficinas de farmacia afectadas polo concurso de adxudicación de novas oficinas de farmacia convocado por Resolución do do 2 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se convoca concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia.

Pechan o texto unha disposición derogatoria única e dúas finais, nas que se recolle unha habilitación ao Consello da Xunta para ditar as normas necesarias para o seu desenvolvemento, e o prazo de entrada en vigor da lei, respectivamente.

O anteproxecto foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

O obxecto desta lei é regular a atención farmacéutica no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

[Faint, illegible signature or stamp]





TÍTULO I
A atención farmacéutica
CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 2. A atención farmacéutica

1. A atención farmacéutica é un servizo de interese público que garante o acceso da cidadanía aos medicamentos e produtos sanitarios e que contribúe a facer un uso racional e eficiente deles, tanto nos distintos niveis de asistencia sanitaria coma no campo da saúde pública.
2. As actividades que constitúen a atención farmacéutica, encamiñadas á correcta adquisición, conservación, custodia, distribución e dispensación dos medicamentos e produtos sanitarios, faranse baixo a responsabilidade e supervisión dun/dunha farmacéutico/a nos establecementos e servizos sinalados nesta lei.
3. A administración garantirá que a atención farmacéutica se preste en tódolos niveis do sistema de saúde de modo coordinado e integrado e que lle ofrezca á cidadanía unha asistencia eficaz, completa e eficiente.





Artigo 3. Establecementos e servizos de atención farmacéutica

1. Para os efectos desta lei, son establecementos e servizos de atención farmacéutica os seguintes:

a) De dispensación:

1º. As oficinas de farmacia.

2º. As boticas anexas.

3º. As unidades de farmacia dos centros de atención primaria, os servizos de farmacia dos hospitais e os dos centros de asistencia social que presten asistencia sanitaria específica.

4º. Os depósitos de medicamentos e produtos sanitarios.

5º. As unidades de radiofarmacia.

b) De distribución:

As entidades de distribución de medicamentos de uso humano e produtos sanitarios.

2. A distribución e dispensación de medicamentos veterinarios realizarase nos establecementos e servizos que se determinan no artigo 67.





Artigo 4. *Dispensación de medicamentos e produtos sanitarios*


A dispensación de medicamentos e produtos sanitarios só poderá facerse nos establecementos e servizos previstos para tal fin nos números 1.a) e 2 do artigo 3, e nas condicións establecidas para a súa autorización.





Artigo 5. Modalidades de venda de medicamentos e produtos sanitarios e prohibicións

1. As modalidades e as prohibicións de venda de medicamentos e produtos sanitarios, así como os requisitos para a venda directa aos/ás profesionais da medicina, odontoloxía, veterinaria e podoloxía, exclusivamente, dos medicamentos necesarios para o exercicio da súa actividade profesional, rexeranse polo disposto na normativa aplicable reguladora de tales materias.
2. Queda prohibida calquera tipo de venda indirecta ao público de produtos sanitarios.
3. Queda tamén prohibida a entrega de regalos ou obsequios que non teñan a condición de mostras, como método vinculado á promoción e venda ao público de medicamentos e produtos sanitarios.





Artigo 6. Supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios

1. Excepcionalmente, á/s persoa/s usuaria/s que resida/n en zonas rurais illadas ou sexa/n dependente/s, cunhas características e necesidades asistenciais específicas, nos/nas que concorran perda de autonomía funcional e necesidade de coidados por enfermidades crónicas, poderán serlles dispensados os medicamentos e produtos sanitarios, con entrega informada destes no seu domicilio e con cumprimento das garantías en materia de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios impostas pola normativa aplicable, por unha oficina de farmacia situada na súa zona farmacéutica ou, por expresa decisión do/a paciente, por outra oficina de farmacia da mesma área de referencia do Punto de Atención Continuada.

2. Asemade, estableceranse regulamentariamente as condicións e requisitos aos que deberá axustarse o procedemento mediante o cal o Servizo Galego de Saúde poderá realizar a entrega informada no lugar de residencia da/s persoa/s usuaria/s, e con cumprimento das garantías en materia de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios impostas pola normativa aplicable, daqueles medicamentos cuxa dispensación estea restrinxida unicamente ao ámbito hospitalario de acordo coa normativa estatal vixente, entrega na que poderán colaborar as oficinas de farmacia da zona.

Este procedemento só poderá aplicarse con carácter excepcional nos supostos que se determinen, en aras a favorecer a continuidade asistencial e evitar o desprazamento do/a paciente ao hospital.





CAPÍTULO II Dereitos e obrigas

Artigo 7. *Obrigas dos establecementos e servizos de atención farmacéutica*

1. Os establecementos e servizos de atención farmacéutica previstos nesta lei teñen as seguintes obrigas:

a) Conservar os medicamentos e produtos sanitarios nas condicións establecidas na súa autorización, para o que disporán dos equipos necesarios e levarán rexistros de control de temperatura e humidade na súas instalacións.

b) Garantir a recepción, almacenamento e subministro dos medicamentos e produtos sanitarios en condicións de seguridade e sen exposición a condicións meteorolóxicas adversas.

c) Contar co persoal farmacéutico e técnico e auxiliar necesario e suficiente para o desenvolvemento da súas funcións e con sometemento aos requisitos que en cada caso se determinen.

d) Facilitar ás autoridades sanitarias a información que se lles demande en relación coa actividade desenvolvida.

e) No caso dos establecementos e servizos de dispensación, non dispensar os medicamentos solicitados cando existan dúbidas razoables sobre a lexitimidade da súa prescrición, así como poñelo en coñecemento da Administración sanitaria que resulte competente a efectos de determinar a existencia de posibles infraccións administrativas ou penais.

2. Os establecementos e servizos de atención farmacéutica estarán suxeitos no seu funcionamento, no relativo aos medicamentos de uso humano ou veterinario, ao control e inspección dos servizos de inspección da consellería competente en materia de sanidade, sen prexuízo das atribucións dos servizos veterinarios oficiais da consellería competente en materia de gandería en relación coas inspeccións dos establecementos de dispensación de medicamentos veterinarios, agrupacións gandeiras con programa sanitario e entidades de distribución de medicamentos veterinarios, as boticas anexas, ou respecto a venda a distancia ao público ou por outros canles de medicamentos non suxeitos a prescrición veterinaria.


3. Os establecementos e servizos de atención farmacéutica regulados nesta lei





XUNTA DE GALICIA

estarán suxeitos ao rexistro e catalogación e á obriga de elaboración e remisión das informacións que lles sexan requiridas. Igualmente, estarán suxeitos ao cumprimento das obrigas derivadas do principio de solidariedade e integración sanitaria, en casos de emerxencia ou de perigo para a saúde pública.



CSV: AYPH2tcu12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 8. Dereitos e obrigas da cidadanía

1. En materia de atención farmacéutica, ademais dos recollidos na restante normativa aplicable, recoñécense os seguintes dereitos da cidadanía:

- a) Elixir libremente a oficina de farmacia.
- b) Recibir un trato correcto e a prestación farmacéutica precisa que lles corresponda.
- c) Obter do/a farmacéutico/a a información que solicite do medicamento ou produto sanitario, sexa de carácter técnico ou económico, con claridade e por escrito se así o solicita.
- d) Coñecer e ter acceso aos datos do seu historial fármaco-terapéutico nas condicións que se establezan regulamentariamente.
- e) Recibir atención farmacéutica garantindo a privacidade e confidencialidade das persoas usuarias.
- f) Coñecer a identidade e cualificación profesional da persoa que lle presta a atención farmacéutica.

2. Así mesmo, en relación á atención farmacéutica, establécense as seguintes obrigas da cidadanía:

- a) Cumprir as prescricións económicas e administrativas establecidas pola normativa reguladora da obtención de medicamentos e, no seu caso, de produtos sanitarios, e en particular, as establecidas para a prestación farmacéutica con cargo a fondos públicos.
- b) Acreditar o dereito á prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde e a derivada de convenios especiais nos casos de exercicio dese dereito.
- c) Identificarse no acto da dispensación de medicamentos naqueles casos en que sexa requisito obrigado.
- d) Tratar co respecto debido ao persoal dos establecementos e servizos de atención farmacéutica.
- e) Usar as instalacións dos establecementos e servizos de atención farmacéutica de forma axeitada.
- f) Facer un uso responsable dos medicamentos e produtos sanitarios.





Artigo 9. *Obxección de conciencia*

A administración sanitaria garantirá que o dereito á obxección de conciencia dos/as profesionais farmacéuticos/as non limite ou condicione o dereito á saúde da cidadanía. A tal fin, no caso de exercicio do dereito á obxección de conciencia, poderán adoptarse as medidas excepcionais que, preservando o dito dereito, garantan o dereito á saúde da cidadanía.






CAPÍTULO III

Réxime de autorizacións administrativas nos establecementos e servizos de atención farmacéutica

Artigo 10. Réxime de autorizacións e competencia

1. Respecto dos establecementos e servizos de atención farmacéutica regulados nesta lei será esixible a obtención de autorización administrativa previa nos supostos e nos termos previstos nela e na restante normativa a eles aplicable.
2. Corresponde á consellería competente en materia de sanidade a tramitación dos procedementos de autorización e dos restantes procedementos regulados nesta lei cando tal tramitación sexa de competencia autonómica, coa excepción dos supostos nos que, en relación cos medicamentos veterinarios e cos establecementos de distribución e dispensación dos ditos medicamentos, a dita competencia se atribúe á consellería competente en materia de gandería.





Artigo 11. *Procedementos de autorización*

1. Os procedementos relativos ás autorizacións previstas nesta lei que tramite a Administración autonómica, axustaranse ao disposto nela e na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.
3. Con carácter previo ao outorgamento da autorización autonómica relativa á apertura e posta en funcionamento, transmisión, cambio de localización ou reforma das instalacións, comprobarase que se cumpren todos os requisitos establecidos, deixando constancia deste extremo na correspondente acta.





TÍTULO II
A atención farmacéutica no nivel da atención primaria
CAPÍTULO I
As oficinas de farmacia

Sección 1ª. Definición, funcións e condicións e requisitos xerais

Artigo 12. Definición e funcións


A oficina de farmacia é un establecemento sanitario privado de interese público, integrado na atención primaria, cuxa propiedade e titularidade pode pertencer a un/unha ou máis farmacéuticos/as, que baixo a súa responsabilidade dirixen e supervisan as seguintes funcións:

- a) Adquirir, conservar e custodiar os medicamentos e produtos sanitarios.
- b) Dispensar medicamentos e produtos sanitarios, de acordo coa prescrición médica ou veterinaria, ou segundo as orientacións técnico-farmacéuticas para aqueles con autorización para seren dispensados sen receita.
- c) Emitir, no caso de dispensación de medicamentos, un recibo co contido previsto na normativa estatal aplicable. Así mesmo, no momento de dispensar un produto sanitario, emitirán un recibo no que conste o nome do produto, o seu prezo de venda ao público e a achega da persoa usuaria.
- d) Facilitar sistemas personalizados de dosificación aos/ás pacientes que o soliciten, en orde a mellorar o cumprimento terapéutico, nos tratamentos e coas condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente.
- e) Informar, aconsellar e instruír respecto dos medicamentos e produtos sanitarios que dispense/n, coa incidencia en aspectos que favorezan unha correcta utilización.
- f) Colaborar no seguimento farmacoterapéutico individualizado co fin de avaliar a súa efectividade e detectar os fracasos por incumprimento terapéutico, así como de detectar as reaccións adversas e notificárllelas aos organismos de farmacovixilancia.
- g) Vixiar, controlar e custodiar as receitas médicas dispensadas, polo tempo establecido pola normativa específica.





- h) Colaborar no uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, así como na protección e promoción da saúde
- i) Realizar análises clínicas e outras funcións profesionais ou sanitarias que, por estaren recollidas en normas específicas e conforme ao disposto nelas, poidan ser desenvolvidas polo/a farmacéutico/a de acordo coa súa titulación e especialidade.
- j) Participar en estudos de utilización de medicamentos, así como en estudos epidemiolóxicos.
- k) Colaborar en programas de saúde pública e drogodependencias.
- l) Colaborar coas medidas tendentes á racionalización do gasto en medicamentos.
- m) Colaborar na formación para a obtención do título de grao de farmacia de acordo coas universidades e coa normativa estatal aplicable.
- n) Calquera outra que se estableza legal ou regulamentariamente.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 13. Colaboración das oficinas de farmacia no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde

Poderán establecerse concertos cos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia para a colaboración das oficinas de farmacia no desempeño da prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde.


[Faint signature or stamp]





Artigo 14. *Outras actividades*


1. Queda prohibido desenvolver nos locais da oficina de farmacia actividades de venda ao público de produtos distintos dos propios do canal farmacéutico, considerando como tales os medicamentos, os produtos sanitarios e os produtos de parafarmacia.
2. Cando nunha oficina de farmacia se desenvolvan actividades de óptica, análises clínicas, ortopedia, audioprótese, nutrición ou calquera outra actividade sanitaria expresamente autorizada para o seu exercicio nos locais da oficina de farmacia, a persoa titular ou, no caso de ser varias, polo menos unha das persoas cotitulares deberán estar en posesión do título correspondente para o exercicio de dita actividade e cumprir os demais requirimentos que se determinen. Malia isto, as persoas titulares poderán contratar a profesionais coa titulación correspondente para seren asistidos no desenvolvemento de tales actividades.
3. Nos locais da oficina de farmacia non se poderán desenvolver actividades comerciais por sociedades mercantís ou outras entidades con personalidade xurídica diferenciada do/a farmacéutico/a titular ou dos/as farmacéuticos/as cotitulares, con independencia de que o domicilio social radique na propia oficina de farmacia ou noutro lugar distinto.
4. Así mesmo, queda prohibido o arrendamento, o subarrendamento ou a cesión, a título oneroso ou gratuito, do uso dos locais da oficina de farmacia a terceiras persoas para o desenvolvemento de calquera actividade, incluso cando esas actividades teñan relación co ámbito sanitario.





Artigo 15. *Acceso ás oficinas de farmacias*


1. As oficinas de farmacia terán acceso directo, libre e permanente desde á vía pública ou desde zonas de uso colectivo, á zona de dispensación e atención á/ás persoa/s usuaria/s, e deberán cumprir a lexislación en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.
2. Queda prohibida a entrada e permanencia de animais na oficina de farmacia, agás no caso de cans de asistencia.





Artigo 16. *Requisitos dos locais*

1. Os locais das oficinas de farmacia disporán dunha superficie útil mínima de setenta metros cadrados. De ocupar mais dunha planta, estas serán contiguas e estarán comunicadas entre si.
2. Os locais das oficinas de farmacia reunirán as condicións hixiénico-sanitarias precisas para prestar unha asistencia farmacéutica correcta.
3. As oficinas de farmacia deberán contar cun equipamento informático adecuado para o desenvolvemento das súas funcións e cos outros medios técnicos e materiais que se prevean na normativa básica estatal e nas normas que, respectando esta normativa, se diten en desenvolvemento da presente lei.
4. As condicións de humidade e de temperatura serán as precisas para a conservación dos medicamentos, materias primas empregadas na formulación maxistral, e produtos sanitarios que vaian dispensarse na oficina de farmacia.
5. Así mesmo, o chan, paredes e teitos deberán ser dunha natureza que permita unha limpeza e desinfección adecuadas, e deberán manterse nun bo estado de conservación, respectando sempre o uso previsto para cada unha das zonas ás que fai referencia o artigo seguinte.






Artigo 17. Zonas das oficinas de farmacia

1. As oficinas de farmacia contarán coas seguintes zonas:

- a) De dispensación e atención á/ás persoa/s usuaria/s.
- b) De recepción, revisión e almacenamento de medicamentos e produtos sanitarios.
- c) De toma de mostras, en caso de realizar análises clínicas.
- d) De atención individualizada, garantindo a privacidade e confidencialidade.
- e) De descanso para as gardas.
- f) Aseo para uso do persoal da oficina de farmacia.
- g) En caso de realizar formulación, de laboratorio para a elaboración de fórmulas maxistrais e preparados oficinais.

2. Cando nas oficinas de farmacia se desenvolvan outras actividades sanitarias para as que a persoa titular ou as persoas cotitulares contén coa preceptiva autorización e titulación, aquelas deberán dispoñer dos espazos adicionais que regulamentariamente se determinen.





Sección 2ª. Titularidade e persoal

Artigo 18. Titularidade das oficinas de farmacia


1. Só os/as farmacéuticos/as poderán ser propietarios/as e titulares das oficinas de farmacia. Cada farmacéutico/a soamente poderá ser propietario/a e titular ou copropietario/a e cotitular dunha única oficina de farmacia. A condición de copropietario/a comporta necesariamente a adquisición da condición de cotitular e viceversa, así como a de director/a técnico/a da oficina de farmacia.
2. O/A farmacéutico/a titular ou os/as farmacéuticos/as cotitulares son os/as que obtiveron a autorización de instalación, apertura e funcionamento dunha oficina de farmacia, e baixo a responsabilidade dos/das que se exercen nesta as funcións descritas no artigo 12. Deberán tamén dispoñer da propiedade ou dos dereitos de natureza real ou persoal que lexitimen a utilización do local no que se instale a oficina de farmacia.
3. Todos/as os/as farmacéuticos/as cotitulares responderán solidariamente, con independencia do grao de participación de cada un/unha deles/as na propiedade da oficina de farmacia, da correcta prestación da atención farmacéutica na oficina de farmacia, do cumprimento das restantes obrigas que corresponden ás persoas titulares das oficinas de farmacia e das infraccións e sancións derivadas do incumprimento de tales obrigas, de acordo, neste último caso, co disposto no inciso final do artigo 28.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
4. En caso de cotitularidade non se permitirán cotas de participación inferiores ao 10% da oficina de farmacia.





Artigo 19. *Farmacéutico/a rexente*

1. Nos casos de falecemento, incapacidade permanente non parcial, incapacitación xudicial ou declaración xudicial de ausencia do/a farmacéutico/a titular ou cotitular, poderá autorizarse o nomeamento dun/dunha farmacéutico/a rexente, que asumirá as mesmas funcións, responsabilidades e incompatibilidades profesionais que as sinaladas para a persoa titular ou cotitular.
2. Nos supostos anteriores, non será precisa a designación dun/dunha farmacéutico/a rexente nos casos de cotitularidade da oficina de farmacia, cando tódalas partes estean de acordo e un dos/as cotitulares asuma a responsabilidade da persoa cotitular na que concorra algunha das causas determinadas no número 1.
3. A solicitude de nomeamento de rexente deberá formularse no prazo máximo de vinte días desde o falecemento, a declaración de incapacidade permanente non parcial, a incapacitación xudicial ou a declaración xudicial de ausencia. Se durante este prazo a oficina de farmacia permanecese aberta, deberá estar atendida por un/unha farmacéutico/a. En caso contrario deberá permanecer pechada ata a incorporación do/a farmacéutico/a rexente.
4. No caso de que só exista un/unha farmacéutico/a titular incurso nalgunha das causas para as que resulta obrigatorio o nomeamento dun/dunha rexente, de non se producir a solicitude á que se refire o número anterior, procederase de oficio a iniciar o expediente de peche da oficina de farmacia.
5. A rexencia terá unha duración máxima de dous anos, agás nos casos de falecemento cando algún dos/as herdeiros/as en primeiro grao estea cursando estudos de farmacia, ou de incapacidade total ou absoluta do/a farmacéutico/a cando non reúna os requisitos para a xubilación, supostos nos que poderá estenderse ata un máximo de cinco anos.





Artigo 20. *Farmacéutico/a substituto/a*

1. Cando a oficina de farmacia teña un/unha único/a titular que deba ausentarse por circunstancias excepcionais e temporais debidamente xustificadas, como vacacións, permiso de maternidade ou paternidade, enfermidade, incapacidade física e/ou psíquica transitorias, estudos relacionados coa profesión, cargos públicos e outras circunstancias análogas que impidan o desenvolvemento das súas funcións, ou aquel/a fose inhabilitado/a profesionalmente ou condeado/a a pena privativa de liberdade que supoña ingreso efectivo en prisión impostas por sentenza penal firme, a consellería competente en materia de sanidade poderá autorizar o nomeamento dun/dunha farmacéutico/a substituto/a. Esta esixencia será aplicable igualmente ás oficinas de farmacia de titularidade única que funcionen en réxime de rexencia.
2. O farmacéutico substituto terá as mesmas funcións e responsabilidades e estará sometido ao mesmo réxime de incompatibilidades profesionais que a persoa titular, ou rexente.
3. A solicitude de nomeamento de farmacéutico/a substituto/a deberá formularse no prazo máximo de cinco días a partir do momento no que se coñeza ou produza a circunstancia que obriga á desatención da farmacia pola persoa titular, ou o rexente. En todo caso, se non hai un /unha farmacéutico/a adxunto, a farmacia permanecerá pechada ata a incorporación do/a farmacéutico/a substituto/a.
4. No caso das vacacións anuais, a duración máxima da substitución será dun mes para cada oficina de farmacia.






Artigo 21. *Farmacéutico/a adxunto/a*

1. Tanto os/as farmacéuticos/as titulares e cotitulares coma os/as rexentes e os/as substitutos/as poderán contar coa colaboración de farmacéuticos/as adxuntos/as.
2. Os casos nos que será necesaria a presenza de farmacéuticos/as adxuntos/as por razón de idade do/a titular ou cotitular, do/da rexente ou do/da substituto/a, así como segundo o volume e a diversidade das funcións da oficina de farmacia, ou o horario ampliado voluntario no que decidise/n exercer, serán establecidos regulamentariamente. En todo caso, ao cumprir o/a farmacéutico/a titular ou cotitular, rexente ou substituto/a a idade de 70 anos, e de continuar exercendo dita función, resultará obrigada a contratación dun/dunha ou varios/as farmacéuticos/as adxuntos/as adicionais, segundo se determine regulamentariamente.

No suposto de que o aumento de actividade proveña das funcións ás que se refire o artigo 12.i), poderá optarse entre a contratación dun/dunha farmacéutico/a adxunto/a ou doutro/a profesional sanitario/a titulado/a competente para o exercicio das ditas funcións.

3. Nos casos de ausencia de carácter ocasional, debidos ao cumprimento de deberes profesionais ou inescusables de carácter persoal ou público, que impidan a presenza do/a titular, cotitular, substituto/a ou rexente, un/unha farmacéutico/a adxunto/a poderá asumir as funcións determinadas no artigo 12, sempre que sexa por un tempo inferior a cinco días. A persoa responsable seguirá sendo, en todo caso, o/a titular, cotitular ou substituto/a da oficina de farmacia ou, se é o caso, o rexente.






Artigo 22. *Autorización de nomeamentos*

1. O procedemento de autorización do nomeamento dun/dunha farmacéutico/a rexente, substituto/a e ou adxunto/a tramitarase preferentemente por vía electrónica.

A autorización concederase logo da comprobación de que a persoa proposta polo/a titular ou cotitulares, rexente, persoas adquirentes mortis causa ou representante legal cumpre coas condicións esixidas nesta lei e naquelas outras que regulamentariamente se determinen.

2. Para autorizar o nomeamento de calquera dos/das farmacéuticos/as contemplados neste artigo deberá acreditarse a sinatura do correspondente contrato de traballo de conformidade coa lexislación laboral, así como a alta no réxime de Seguridade Social que proceda.

3. Non poderán ser nomeadas como farmacéutico/a rexente, adxunto/a ou substituto/a as persoas que teñan a condición de bolseiras.





Artigo 23. *Condicións para o nomeamento de persoal*

As condicións, prazos e restantes requisitos para o nomeamento e exercicio profesional do/a farmacéutico/a titular, cotitular, rexente, substituto/a ou adxunto/a da oficina de farmacia, así como os supostos nos que o/a farmacéutico/a adxunto/a pode pasar a desempeñar a función de substituto/a estableceranse regulamentariamente.





Artigo 24. *Persoal técnico e auxiliar de farmacia*

1. O/a farmacéutico/a titular, cotitular, rexente, ou substituto/a poderá dispor da asistencia do persoal técnico e auxiliar de farmacia necesario para levar a cabo as funcións atribuídas. Este persoal realizará, baixo a dirección e supervisión dun/dunha farmacéutico/a, as funcións propias da súa titulación ou habilitación profesional, así como aquelas outras que lle sexan encomendadas, sempre que non estean reservadas expresamente ao seu desempeño por un unha farmacéutico/a.
2. A contratación realizarase de conformidade co establecido na lexislación laboral sendo obrigada, así mesmo, a afiliación ao réxime correspondente da Seguridade Social.






Sección 3ª. Atención ao público

Artigo 25. Presenza e actuación do/a farmacéutico/a e identificación do persoal


1. A presenza e actuación profesional dun farmacéutico/a na oficina de farmacia é requisito inescusable para levar a cabo as funcións establecidas no artigo 12 e na demais normativa que sexa de aplicación. A colaboración de farmacéuticos/as adxuntos/as, técnicos/as ou auxiliares de farmacia non escusa a responsabilidade do farmacéutico/a titular ou cotitulares da oficina de farmacia, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís e penais daquel persoal que puidesen derivar en cada caso.
2. A presenza física do/da farmacéutico/a titular ou, no seu caso, dun/dunha cotitular, rexente ou substituto/a na oficina de farmacia de maneira habitual durante o horario de atención ao público, será obrigatoria para realizar as funcións establecidas no artigo 12, consonte coas condicións que regulamentariamente se establezan.
3. Todo o persoal farmacéutico que preste servizos na oficina de farmacia levará o distintivo que o identifique persoal e profesionalmente. Asemade, o resto do persoal que preste o seu servizo na oficina de farmacia deberá ir igualmente provisto do distintivo que o identifique persoal e profesionalmente.





Artigo 26. Sinalización, e publicidade e promoción das oficinas de farmacia

1. Todas as oficinas de farmacia deberán estar convenientemente sinalizadas, mediante un distintivo na fachada onde figure de forma visible a palabra “Farmacia”, e, así mesmo, mediante unha cruz grega ou de Malta de cor verde, que estará acesa durante o horario de atención ao público, tanto no horario mínimo obrigatorio como no horario ampliado voluntario, así como durante o servizo de garda, e apagada fóra destes horarios e servizos.
2. A colocación de carteis indicadores da localización da oficina de farmacia, naqueles casos nos que por razóns de visibilidade da mesma sexan necesarios, requirirá autorización da autoridade sanitaria competente .
3. Co fin de non interferir no dereito de libre elección de oficina de farmacia por parte da cidadanía, prohíbese toda forma de publicidade ou actividade promocional das oficinas de farmacia, agás nos casos que se determinen regulamentariamente así como a organización de eventos ou actividades e a utilización de ferramentas que poidan implicar unha promoción da oficina de farmacia.
4. A palabra “Farmacia” e a cruz verde de identificación, serán de utilización exclusiva para as oficinas de farmacia. Non se poderá usar este termo e simboloxía para outro tipo de establecementos, agás no suposto recollido no artigo 47 referente ás boticas anexas, como establecementos vinculados á oficina de farmacia.





Artigo 27. Horarios e servizos de garda das oficinas farmacia

1. As oficinas de farmacia prestarán os seus servizos en réxime de liberdade e flexibilidade horaria, dentro do necesario respecto ao cumprimento do horario mínimo obrigatorio e do servizo de garda, sendo en todo caso necesaria a presenza física e actuación profesional dun/dunha farmacéutico/a na prestación do servizo.

2. As oficinas de farmacia permanecerán abertas ao público polo menos durante o horario mínimo obrigatorio establecido. A estes efectos, diferénciase entre o horario mínimo obrigatorio e o horario voluntario ampliado conforme ao seguinte:

a) O horario mínimo obrigatorio é aquel que deberá cumprirse por todas as oficinas de farmacia da Comunidade Autónoma de Galicia. Será fixado pola consellería competente en materia de sanidade previo informe dos colexios oficiais de farmacéuticos existentes na nosa Comunidade.

b) O horario ampliado voluntario é aquel que as oficinas de farmacia poden realizar por enriba do mínimo obrigatorio.

3. As persoas titulares das oficinas de farmacia deberán comunicar, con carácter previo o seu horario e o das boticas anexas a elas vinculadas á consellería competente en materia de sanidade, a través dos colexios oficiais de farmacéuticos, quedando así mesmo obrigadas aquelas a manter a continuidade do dito réxime nos termos que aquela lles indique.

4. O servizo de garda é aquel que debe realizarse con carácter obrigatorio para garantir a continuidade da atención farmacéutica.

5. A atención farmacéutica prestada no nivel de atención primaria polas oficinas de farmacia será continuada. Para tal efecto, fóra do horario mínimo obrigatorio a atención farmacéutica estará garantida a través do servizo de garda, que debe realizarse con carácter obrigatorio nos termos previstos nos números seguintes.

6. O servizo de garda atenderase mediante un sistema de quendas elaborado polo colexio oficial de farmacéuticos de cada provincia seguindo os criterios que se establezan por norma regulamentaria, entre os que deberán figurar necesariamente os seguintes:

a) A poboación que se debe atender.

b) A accesibilidade da poboación á atención farmacéutica.





c) A obrigatoriedade de prestación do servizo de garda na área de referencia dos puntos de atención continuada, co fin de garantir a continuidade do proceso de prescrición e dispensación de medicamentos.

En todo caso, os criterios que se establezan deberán aplicarse de forma que permitan en todo momento a cobertura das necesidades asistenciais da poboación.

O dito sistema de quendas deberá ser comunicado polos respectivos colexios á consellería competente en materia de sanidade a efectos de control e comprobación do cumprimento dos criterios establecidos.

7. A información sobre as oficinas de farmacia en servizo de garda figurará en todas as establecidas na zona farmacéutica, en lugar visible desde o exterior. Esta información tamén estará dispoñible e permanentemente actualizada nas páxinas web dos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia.

8. As oficinas de farmacia poderán cesar temporalmente as súas actividades durante o período de vacacións sempre e cando queden debidamente cubertas as necesidades de atención farmacéutica durante as vinte catro horas do día. Correspóndelles aos colexios oficiais de farmacéuticos de cada provincia establecer as quendas de vacacións entre as farmacias interesadas en gozalas, tendo en conta que, como norma xeral deberán permanecer abertas, a lo menos, o cincuenta por cento das oficinas de farmacia de cada zona farmacéutica.

O período vacacional non poderá exceder dun mes ao ano, e deberá ser comunicado á consellería competente en materia de sanidade, a través dos colexios oficiais de farmacéuticos, nos termos que regulamentariamente se establezan.





XUNTA DE GALICIA

Sección 4ª. Planificación e ordenación territorial de novas oficinas de farmacia

Artigo 28. Planificación das oficinas de farmacia

1. A autorización de novas oficinas de farmacia estará sometida a planificación co fin de garantir unha atención farmacéutica conveniente, oportuna e eficiente.
2. Regulamentariamente determinarase a forma na que se cubrirá a atención farmacéutica naquelas zonas farmacéuticas nas que non haxa oficina de farmacia.



CSV: AYPH2tcu12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






Artigo 29. *Zonas farmacéuticas*

1. Tómanse como base de planificación as unidades de atención primaria que, para os efectos da presente lei, se corresponden coas demarcacións municipais nas que se ordena o territorio da Comunidade Autónoma galega, e créanse as zonas farmacéuticas, que se clasifican en:

- a) Zonas farmacéuticas urbanas: correspóndense cos concellos con máis de 30.000 habitantes.
- b) Zonas farmacéuticas semiurbanas: correspóndense cos concellos cun número de habitantes comprendido entre 10.000 e 30.000
- c) Zonas farmacéuticas rurais: correspóndense cos concellos con menos de 10.000 habitantes.

2. Non obstante o anterior, co obxecto de garantir as necesidades de atención farmacéutica que se requiran, tendo en conta as diferentes características xeográficas, demográficas, turísticas e sanitarias, o Consello da Xunta poderá acordar a declaración de determinadas zonas farmacéuticas como especiais.





Artigo 30. *Módulos de poboación*

1. Establécense os seguintes módulos para o cálculo das oficinas de farmacia que correspondan a cada zona:

a) Zonas farmacéuticas urbanas: unha por cada 2.800 habitantes empadroados, agás que se supere esa proporción en 1.500 habitantes, suposto no cal poderá establecerse unha nova oficina de farmacia sempre e cando se constate un incremento neto poboacional desa zona nos últimos 5 anos

b) Zonas farmacéuticas semiurbanas: unha por cada 2.500 habitantes empadroados, agás que se supere esa proporción en 1.500 habitantes, suposto no cal poderá establecerse unha nova oficina de farmacia sempre e cando se constate un incremento neto poboacional desa zona nos últimos 5 anos.

c) Zonas farmacéuticas rurais: unha por cada 2.000 habitantes empadroados, agás que se supere esa proporción en 1.500 habitantes, suposto no cal poderá establecerse unha nova oficina de farmacia sempre e cando se constate un incremento neto poboacional desa zona nos últimos 5 anos.

2. En cada concello poderá haber, alomenos, unha oficina de farmacia

3. Para o cómputo de habitantes terase en conta a poboación que conste na última revisión do padrón municipal vixente no momento de se iniciar os traballos necesarios de cara á aprobación do mapa farmacéutico.




CSV: AYPH2tcuu2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 31. *Distancias entre as oficinas de farmacia*

1. O establecemento dunha oficina de farmacia por razón de nova instalación ou cambio de localización non poderá facerse a unha distancia inferior a douscentos cincuenta metros doutras oficinas de farmacia ou dun centro público de asistencia sanitaria en funcionamento ou cuxo emprazamento estea previsto pola consellería competente en materia de sanidade.
2. Excepcionalmente naquelas zonas farmacéuticas que contén cunha única oficina de farmacia poderá non esixirse esa distancia mínima cando concorran razóns de interese xeral que así o xustifiquen.
3. Regulamentariamente, fixaranse o procedemento, as condicións e os criterios para efectuar a medición das ditas distancias.
4. Nos cambios de localización forzosos provisionais con obriga de retorno, as distancias mínimas ás que se refire o número 1 deste artigo redúcense a cento vinte e cinco metros.





Artigo 32. *Mapa farmacéutico*


1. Os criterios de planificación farmacéutica contidos nesta lei concretaranse no mapa farmacéutico, que será tramitado de acordo co procedemento regulamentariamente establecido e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

O mapa farmacéutico relacionará tódalas zonas farmacéuticas da Comunidade Autónoma de Galicia, indicando se se trata de zonas urbanas, semiurbanas ou rurais.

O mapa conterá, entre outros extremos, un anexo coas novas oficinas de farmacia e as súas delimitacións territoriais concretas, indicando as que terán vinculadas unha botica anexa para cubrir as necesidades daqueles lugares nos que, por carecer de entidade suficiente para a instalación dunha oficina de farmacia ou por tratarse de zonas especiais de difícil accesibilidade, non se poida instalar unha nova oficina.

O mapa farmacéutico poderá ser revisado cando se detecten alteracións no padrón ou outras circunstancias que conleven cambios nas necesidades de atención farmacéutica dunha ou varias zonas.

Os concellos ou os colexios oficiais de farmacéuticos interesados poderán instar perante a consellería competente en materia de sanidade a revisión do mapa farmacéutico.






Sección 5ª. Procedemento de outorgamento da autorización de instalación de novas oficinas de farmacia

Artigo 33. Procedemento de outorgamento da autorización de instalación de novas oficinas de farmacia

1. A autorización de instalación de novas oficinas de farmacia outorgarase por concurso público, o cal poderá ser de traslado ou de nova adxudicación. O concurso público de traslados deberá convocarse con carácter previo ao concurso de nova adxudicación.
2. Os concursos que se convoquen respectarán os principios de concorrencia competitiva, publicidade, transparencia, mérito e capacidade.
3. A aqueles profesionais que xa resultaran adxudicatarios dunha oficina de farmacia nun concurso público previo só lles serán computados en posteriores concursos aos que se presenten, como méritos de experiencia profesional e de formación post-graduada, os que sexan posteriores á data de convocatoria do anterior concurso público.





Artigo 34. *Regras de procedemento e de competencia*

1. Os procedementos de adxudicación iniciaranse de oficio, e axustaranse ao disposto nas normas xerais de procedemento administrativo, nesta lei e nas normas que a desenvolvan. A competencia para a iniciación, a tramitación e a resolución dos procedementos corresponderá á consellería competente en materia de sanidade.
2. A resolución pola que se convoque o concurso público de adxudicación conterà, como mínimo, o número e a localización das oficinas de farmacia incluídas naquel, o prazo de presentación das solicitudes e as bases polas que se rexerá o dito concurso.
3. A resolución de convocatoria do concurso establecerá a esixencia de constitución de garantías para asegurar a continuidade no procedemento de instalación de farmacias.
4. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución dos concursos de adxudicación será de seis meses, contados desde a data da súa convocatoria.
5. A elección das oficinas de farmacia incluídas nos concursos públicos que se convoquen levarase a cabo nun acto público.
6. A adxudicación de oficinas de farmacia efectuarase atendendo á elección que formularsen as persoas participantes no acto público de elección, por rigoroso orde de maior a menor puntuación total no concurso de que se trate.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 35. Efectos da non apertura da oficina de farmacia adxudicada

As persoas adxudicatarias dos concursos de traslado ou de nova apertura que non procedan á apertura da correspondente oficina de farmacia nos termos que regulamentariamente se establezan non poderán participar no seguinte concurso de traslado ou de nova adxudicación, respectivamente, que se convoque.



CSV: AYPH2tcu12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 36. *Concurso de traslado*

1. A consellería competente en materia de sanidade convocará, por resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web o concurso de traslado ás novas oficinas de farmacia incluídas no mapa farmacéutico de Galicia.

2. Só poderán participar no dito concurso os/as farmacéuticos/as titulares ou cotitulares de oficina de farmacia na Comunidade Autónoma de Galicia que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes teñan desenvolvido, polo menos, o seu exercicio profesional como titulares ou cotitulares na mesma oficina de farmacia nos cinco anos anteriores, debendo manter tal condición durante todo o procedemento.


En caso de cotitularidade, os/as farmacéuticos/as cotitulares deberán participar no concurso no mesmo réxime de cotitularidade que ostenten na data de publicación da convocatoria.

3. En ningún caso poderán ser adxudicatarios/as dunha nova oficina de farmacia os/as titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia instalada na mesma zona farmacéutica na que se pretende abrir a nova.

4. O outorgamento da autorización por resolución firme na vía administrativa, dunha oficina de farmacia de nova apertura a un/unha farmacéutico/a que xa fora titular ou cotitular dunha, determinará automaticamente a perda da autorización relativa a esta última, aínda en caso de renuncia á nova oficina adxudicada.

Non obstante, en caso de que contra a resolución de autorización se recorre en vía xurisdiccional, a oficina de farmacia que anteriormente fose de titularidade do adxudicatario/a ou adxudicatarios/as, non entrará en concurso ata que recaia sentenza firme. Se a dita sentenza anulase a autorización efectuada en vía administrativa, aquela oficina de farmacia adxudicaráselle directamente ao que fora o/a seu/súa titular ou cotitular.

5. Regulamentariamente determinarase o momento no que os adxudicatarios deberán proceder a apertura da nova oficina de farmacia co fin de asegurar a continuidade na prestación farmacéutica en todas as zonas.





Artigo 37. Concurso de nova adxudicación

1. Logo de concluído o concurso de traslados coa autorización das oficinas de farmacia correspondentes ao mesmo, a consellería competente en materia de sanidade convocará, por resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web, o concurso de nova adxudicación para o outorgamento das autorizacións das oficinas de farmacia vacantes resultantes do concurso de traslado, que englobará tanto as novas oficinas de farmacia recollidas no mapa farmacéutico non cubertas como aquelas que quedaran libres por traslado da persoa titular, sempre e cando, de acordo cos módulos poboacionais previstos na sección 4ª do Capítulo I do Título II, sigan sendo necesarias.
2. Poderán participar neste concurso de nova adxudicación tódolos/as farmacéuticos/as que no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes fixado na convocatoria sexan ou non titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia, situada dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e non a teñan transmitido nos dez anos anteriores á dita data.
3. Naqueles supostos nos que o/a farmacéutico/a estivese obrigado/a a pechar a súa oficina de farmacia a consecuencia da execución dunha sentenza xudicial firme que anule a resolución administrativa que autorizou a súa instalación, non se terá en conta o prazo contemplado no número anterior.






Artigo 38. *Caducidade da autorización*

1. As autorizacións de instalación das oficinas de farmacia caducarán no caso de falecemento, xubilación total, incapacidade permanente non parcial, incapacitación xudicial ou declaración xudicial de ausencia do/a farmacéutico/a titular ou cotitular, sen prexuízo das previsións dos artigos 19 e 46.

En calquera caso, a caducidade dunha autorización e o conseguinte peche da oficina de farmacia non afectarán o réxime legal aplicable aos locais, ás instalacións e ao equipamento, de conformidade co disposto na lexislación civil.

2. No caso de cotitularidade, se a causa da caducidade afectase só a un/unha ou a algúns/algunhas dos/das cotitulares, a súa cota de participación na autorización reverterá a favor do resto de cotitulares na mesma proporción que viñesen ostentando, sempre que non se tivese producido a transmisión, inter vivos ou mortis causa, da cota ou cotas de cotitularidade correspondentes ao/á cotitular ou cotitulares incursos/as na causa de caducidade.





Sección 6ª. Cambio de localización, reforma de local e limitacións

Artigo 39. Cambio de localización, tipos e limitacións

1. O cambio de localización dunha oficina de farmacia só poderá efectuarse dentro da mesma zona farmacéutica.
2. Os cambios de localización das oficinas de farmacia estarán suxeitos a autorización administrativa, así como ás condicións e aos requisitos fixados regulamentariamente a tal efecto.
3. Os cambios de localización estarán suxeitos ás seguintes limitacións:
 - a) Naquelas oficinas de farmacia para cuxa instalación e apertura se tivese fixada unha delimitación territorial concreta, deberá respectarse o ámbito desta, agás cando a administración sanitaria constate a desaparición das condicións que motivaron a súa instalación nesa delimitación
 - b) As oficinas de farmacia autorizadas ao abeiro do disposto no artigo 3.1.b) do Real decreto 909/1978, do 14 de abril, polo que se regula o establecemento, transmisión ou integración das oficinas de farmacia, unicamente poderán trasladarse dentro do mesmo núcleo de poboación para o que foran autorizadas.
 - c) Non se autorizará o cambio de localización cando, de ser autorizado, se producise un detrimento grave do servizo farmacéutico na zona en que se localiza a oficina de farmacia, en especial naqueles núcleos nos que soamente exista a oficina de farmacia establecida, e se manteñan as condicións que motivaron a súa autorización inicial.
4. Os cambios de localización poderán ser voluntarios ou forzosos, e estes últimos poderán ser definitivos ou provisionais, conforme ás seguintes regras:
 - a) Son cambios de localización forzosos definitivos aqueles nos que a prestación do servizo dunha oficina de farmacia non poida continuar no local no que está instalada e non exista posibilidade de retorno a el, ben polas condicións físicas das instalacións ou ben porque o/a titular ou cotitulares perdesen a dispoñibilidade xurídica do dito local.
 - b) Son cambios de localización forzosos provisionais os que se produzan por obras, derrubamento ou demolición do edificio e que supoñan a imposibilidade temporal de funcionamento da oficina de farmacia no seu asentamento,





autorizándose con carácter transitorio o seu funcionamento noutras instalacións, coa obriga do titular a que a oficina de farmacia retorne ao seu primitivo local.

c) Os cambios de localización voluntarios, de carácter definitivo, serán todos os demais que se produzan por instancia do/a titular ou cotitulares da oficina de farmacia, co fin de mellorar as condicións do local, situación e/ou accesibilidade.





Artigo 40. *Autorización de cambio de localización*


1. Será causa de caducidade da autorización de cambio de localización o transcurso do prazo de seis meses, contados desde a notificación da autorización a/ás persoas titulares ou cotitulares, sen que a oficina de farmacia abra ao público na nova localización ou, no caso de cambio de localización forzoso provisional, sen que se producise o retorno ao primitivo local.

Reglamentariamente poderán establecerse excepcións ao cumprimento do prazo nos casos nos que a imposibilidade de retorno sexa debida a causa non imputable á persoa titular ou cotitular da oficina de farmacia.

2. Así mesmo, a través de norma regulamentaria poderá establecerse un procedemento urxente para a autorización que só afectará aos cambios de localización forzosos provisionais.

3. A nova situación da oficina de farmacia nos cambios de localización voluntarios e forzosos definitivos respectará as condicións sinaladas no artigo 31.

4. En todo caso a apertura da oficina de farmacia está suxeita á obtención da preceptiva autorización de funcionamento, de acordo co que regulamentariamente se estableza.





Artigo 41. *Reforma dos locais da oficina de farmacia*

1. As obras que afecten ao acceso, á distribución interior do local ou supoñan ampliación ou redución da súa superficie precisarán da correspondente e autorización. O procedemento de autorización de obras nos locais de oficinas de farmacia establecerase regulamentariamente.
2. Para a realización de calquera outra obra no local deberá presentarse, antes do seu inicio, unha comunicación dirixida á correspondente xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade.
3. Durante a realización das obras garantirase a adecuada prestación da atención farmacéutica, ademais do cumprimento das condicións hixiénico-sanitarias dos medicamentos e produtos sanitarios.
4. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de seis meses desde o outorgamento da autorización ou desde a presentación da comunicación, segundo o caso. O transcurso do dito prazo sen que se iniciaran as obras será causa de caducidade da autorización ou, no caso de obras sometidas a comunicación, determinará a necesidade de presentar unha nova comunicación.





Sección 7ª. Transmisión e peche

Artigo 42. Transmisión inter vivos

1. A transmisión intervivos, total ou parcial, de oficinas de farmacia, está suxeita a autorización administrativa, que se outorgará de acordo cos requisitos de procedemento que se determinen regulamentariamente.
2. A transmisión dunha oficina de farmacia a favor doutro/a/s farmacéutico/a/s só poderá levarse a cabo cando leve aberta ao público, baixo titularidade do/s transmitente/s, un mínimo de tres anos, contados dende a data da autorización de funcionamento, agás nos supostos de declaración xudicial de ausencia, incapacitación física ou xurídica do/a/s farmacéutico/a/s titular/es ou dun/dunha dos/as titulares da oficina de farmacia, nos que bastará que a oficina estea aberta ao público na data de produción destas circunstancias, as cales deberán quedar acreditadas no expediente. Tamén se considerarán excepción a este período de tempo mínimo, a declaración da oficina de farmacia como de viabilidade económica comprometida (VEC) ou a solicitude por parte do/a titular ou cotitulares da oficina de farmacia da declaración dun concurso de acredores.
3. A transmisión das oficinas de farmacia adxudicadas a partir da entrada en vigor desta lei polo procedemento de concurso público só poderá levarse a cabo cando leven abertas ao público un mínimo de 15 anos, contados dende a data da autorización de funcionamento. Nos supostos de declaración xudicial de ausencia ou incapacitación xudicial do/da farmacéutico/a titular ou dun/dunha dos/das titulares, bastará que a oficina estea aberta ao público na data de produción destas circunstancias, as cales deberán quedar acreditadas no expediente.
4. No caso de cotitularidade, na transmisión onerosa e ao amparo dos artigos 1521 e seguintes do Código Civil, terán dereito de retracto legal o/a farmacéutico/a cotitular ou, se é o caso, os/as farmacéuticos/as cotitulares proporcionalmente ás súas cotas de participación.





Artigo 43. *Transmisión mortis causa*

1. No caso de falecemento do/a farmacéutico/a titular ou cotitular da oficina de farmacia, os adquirentes mortis causa deberán comunicar a súa vontade, ou non, de nomeamento de farmacéutico/a rexente a efectos de continuar coa oficina de farmacia, agás no suposto que, en caso de cotitularidade, se recolle no artigo 19.2.

A dita comunicación formularase no prazo máximo de vinte días desde o falecemento e deberá ser acompañada da solicitude de nomeamento de rexente. De non se facer neste tempo e modo, a Administración sanitaria iniciará de oficio o expediente de peche da oficina de farmacia.

2. No caso de optar polo nomeamento dun/dunha farmacéutico/a rexente, ata que este non se produza, se a oficina de farmacia non conta con farmacéuticos/as adicionais, deberá permanecer pechada ata a incorporación do/a farmacéutico/a rexente, de acordo co previsto no artigo 19.3.

3. No suposto de falecemento do farmacéutico/a titular ou cotitular, poderán ser titulares ou cotitulares da autorización relativa á oficina de farmacia, nos termos nos que o fose a persoa falecida, o cónxuxe ou algún dos/das herdeiros/as en primeiro grao, sempre que sexan farmacéuticos/as e cumpran os demais requisitos esixidos para ser titular.

4. No suposto de transmisión *mortis causa*, o/a cotitular poderá exercer o seu dereito de retracto legal respecto dun terceiro nos termos previstos na lexislación civil, agás no suposto de que a transmisión se produza a favor do cónxuxe ou calquera dos herdeiros en primeiro grao que, no momento do falecemento do/da cotitular, sexa licenciado/a en Farmacia ou estea cursando estudos de Farmacia, sempre que finalicen estes no prazo de cinco anos.





Artigo 44. Regras aplicables ás transmisións inter vivos

1. As transmisións inter vivos estarán suxeitas ás seguintes regras:

a) As oficinas de farmacia non poderán transmitirse desde o momento no que a persoa titular presentase solicitude de participación no concurso público de traslados para o outorgamento de autorización respecto doutra oficina de farmacia. Esta limitación manterase ata o esgotamento da vía administrativa en relación co dito concurso público, ou, no caso de recurso, na vía xurisdiccional, ata que recaia sentenza firme.

b) O outorgamento, por resolución firme na vía administrativa, da autorización para a instalación dunha nova oficina de farmacia a quen xa fose titular doutra determinará a perda automática da autorización relativa a esta última. En consecuencia, non se poderán autorizar as transmisións que, respecto dela pretenda efectuar aquel, agás no caso de anulación xudicial daquela resolución de autorización.

c) Nos casos de peche provisional obrigatorio dunha oficina de farmacia por inhabilitación profesional ou condena a pena privativa de liberdade que supoña o ingreso efectivo en prisión impostas á persoa titular da oficina de farmacia por sentenza penal firme, este non poderá transmitir a dita oficina de farmacia durante o tempo no que esta permaneza clausurada.

2. O incumprimento do previsto nos apartados a) e c) do número anterior será constitutivo de infracción nos termos previstos na lei.





Artigo 45. Peche provisional

1. As oficinas de farmacia poderán pechar voluntariamente, e de maneira provisional, previa autorización, nos casos determinados regulamentariamente.

O peche voluntario provisional dunha oficina de farmacia soamente poderá autorizarse en caso de que quede garantida a prestación da asistencia farmacéutica, debendo presentarse a solicitude cunha antelación de polo menos un mes, respecto á data no que o peche vaia producirse.

2. Procederase ao peche provisional obrigatorio dunha oficina de farmacia nos seguintes casos:

a) Por incumprimento dos requisitos esixidos por razóns de sanidade, hixiene e seguridade ou pola concorrencia de circunstancias negativas no funcionamento das oficinas de farmacia das que se poidan derivar actuacións susceptibles de prexudicar a saúde da cidadanía.

b) Cando non estivera presente un farmacéutico/a en horario de apertura ao público da oficina de farmacia.

c) Por inhabilitación profesional ou condena a pena privativa de liberdade que supoña ingreso efectivo en prisión impostas á persoa titular da oficina de farmacia por sentenza penal firme, por tempo non superior a dous anos, cando aquela sexa a titular única da oficina de farmacia e non solicitase o nomeamento de substituto/a

d) No caso de imposición, por acordo do Consello da Xunta, da sanción accesoria de peche provisional temporal da oficina de farmacia, de acordo co sinalado no artigo 75.7.

3. Nos casos de peche provisional obrigatorio adoptaranse as medidas necesarias para garantir a atención farmacéutica.

4. O peche provisional dunha oficina de farmacia non poderá exceder de dous anos. Se transcorrido ese prazo persisten as causas que o motivaron procederase á incoación, de oficio, do expediente de peche definitivo da oficina de farmacia.





Artigo 46. *Peche definitivo*

1. O peche definitivo da oficina de farmacia poderá ser voluntario ou obrigatorio.
2. O peche definitivo voluntario dunha oficina de farmacia está suxeito a autorización administrativa.
3. Son causas do peche definitivo obrigatorio das oficinas de farmacia:
 - a) A imposición do mesmo por sentenza xudicial firme.
 - b) A imposición do mesmo por resolución administrativa firme.
 - c) Inhabilitación profesional ou condena a pena privativa de liberdade do/a titular ou cotitulares da oficina de farmacia, mediante sentenza firme ditada nun procedemento penal seguido na súa contra por un delito relacionado directamente coa súa actividade profesional.
 - d) A non transmisión da oficina de farmacia no prazo máximo de duración do réxime de rexencia establecido nos casos de falecemento, incapacidade permanente non parcial, incapacitación xudicial ou declaración xudicial de ausencia da persoa titular ou cotitulares, agás no suposto previsto no artigo 19.2.
 - e) A xubilación total do/a farmacéutico/a titular da oficina de farmacia sen tela transmitido previamente. Neste caso, o procedemento de peche poderá incoarse de oficio ou a instancia de parte, debendo neste caso formularse a solicitude de peche da mesma no prazo máximo de vinte días desde a declaración de xubilación.
 - f) A falta de nomeamento dun/dunha farmacéutico/a rexente nos temos previstos nos artigos 19 e 22.
 - g) A caducidade, perda ou revogación da autorización de instalación da oficina de farmacia.
 - h) O transcurso do prazo de dous anos cando subsistan as causas que deron lugar ao peche provisional da oficina de farmacia.





CAPÍTULO II

As boticas anexas

Artigo 47. *Definición*

1. Enténdese por botica anexa o establecemento sanitario autorizado, no que se presta atención farmacéutica a unha determinada poboación dunha zona farmacéutica debido á concorrencia dalgún dos supostos previstos no artigo seguinte.
2. A botica anexa estará en todo caso vinculada a unha oficina de farmacia. A persoa titular da dita oficina de farmacia será responsable da dirección técnica e está obrigada a administración, subministro e reposición dos medicamentos e produtos sanitarios que se dispensen nela.
3. O/A farmacéutico/a titular da oficina de farmacia a que a botica anexa estea vinculada será responsable da adquisición dos medicamentos e produtos sanitarios, e da vixilancia, control e custodia das receitas dispensadas.
4. A palabra “Botica Anexa” será de utilización exclusiva para estes establecementos, os cales deberán estar tamén sinalizados cunha cruz verde, idéntica á esixida para as oficinas de farmacia.





Artigo 48. *Condicións para a apertura*

1. Nas parroquias e lugares onde non poida instalarse unha oficina de farmacia porque non se cumpran os requisitos esixidos legalmente, e se dean circunstancias de afastamento, difícil comunicación coa oficina de farmacia máis próxima, altas concentracións de poboación temporais ou cando concorran situacións de emerxencia que o fagan aconsellable, poderá autorizarse a apertura dunha botica anexa.
2. Así mesmo, no mapa farmacéutico poderán indicarse aquelas que terán vinculadas unha botica anexa situada nalgunha zona especial de difícil accesibilidade.
3. Tamén poderá autorizarse a apertura dunha botica anexa para prestar a atención farmacéutica naqueles casos nos que o outorgamento dunha autorización de traslado ou a situación de peche dunha oficina de farmacia dificultase o acceso á atención farmacéutica da poboación.
4. Os requisitos para a instalación de boticas anexas, o procedemento de autorización e o réxime de funcionamento e o seu horario mínimo de apertura, así como a súa clausura ou peche regularanse mediante norma regulamentaria.






Artigo 49. *Vinculación da botica anexa*

1. A botica anexa estará vinculada á oficina de farmacia máis próxima entre as existentes no mesma zona farmacéutica. Nos supostos de renuncia ou non aceptación da vinculación por parte da persoa titular ou cotitulares da oficina de farmacia, a botica anexa poderá vincularse con outra oficina de farmacia da mesma zona farmacéutica, podendo ser vinculada no seu defecto ou en caso de non aceptación da vinculación, pola oficina de farmacia máis próxima doutra zona farmacéutica colindante, sempre que a persoa titular ou cotitulares o acepten. Por razóns de interese xeral debidamente xustificadas poderá autorizarse a vinculación da botica anexa tendo en conta outras circunstancias que se determinen regulamentariamente.

2. A botica anexa estará baixo a responsabilidade do/a farmacéutico/a titular da oficina á que se atope vinculada, que asegurará a cobertura da asistencia farmacéutica de acordo coas necesidades para as cales foi establecida, así como da correcta almacenaxe, custodia e conservación dos medicamentos e produtos sanitarios e da vixilancia, control e custodia das receitas dispensadas.

A dispensación de medicamentos será realizada por un farmacéutico/a, coa colaboración, se é o caso, dun/dunha técnico/a ou auxiliar de farmacia.


3. A transmisión dunha oficina de farmacia que teña vinculada unha botica anexa deberá incluír, como requisito inescusable, esta última, sempre e cando se estime absolutamente necesaria.





Artigo 50. *Pече da botica anexa*

1. O peche definitivo dunha oficina de farmacia que teña vinculada unha botica anexa determinará o peche definitivo desta última. Non obstante, se persiste a necesidade da botica anexa, a consellería competente en materia de sanidade vinculará esta á oficina de farmacia máis próxima da mesma zona farmacéutica ou, en caso de non aceptación desta, á oficina de farmacia máis próxima doutra zona farmacéutica.
2. A desaparición das circunstancias que determinaron a apertura dunha botica anexa será causa de peche desta.





CAPÍTULO III

A atención farmacéutica nas estruturas de atención primaria

Artigo 51. Disposicións xerais

De acordo cos artigos 3.6 e 83 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, de 24 de xullo, no nivel de atención primaria prestarase, polas unidades de farmacia dos centros de atención primaria, a atención farmacéutica necesaria para que o equipo multidisciplinario de atención á saúde dispoña dos medios terapéuticos necesarios para a súa aplicación dentro das ditas institucións e para a custodia, conservación e dispensación dos medicamentos que esixan unha particular vixilancia, supervisión e control do equipo multidisciplinario de atención á saúde.





Artigo 52. Condicións e requisitos

1. Estableceranse regulamentariamente os requisitos para a creación e o funcionamento das unidades de farmacia previstas no artigo anterior, así como os recursos humanos, materiais e técnicos con que terán que contar.
2. Deberán constituírse depósitos de medicamentos nos centros do sistema sanitario público de atención primaria para o seu uso interno, baixo a responsabilidade dun servizo de farmacia hospitalario ou dunha unidade de farmacia dun centro de atención primaria, debendo quedar aqueles baixo a supervisión dun/dunha farmacéutico/a, que contará coa asistencia do persoal técnico, se é o caso, e demais persoal que precise, segundo o volume de actividade asistencial.





Artigo 53. Funcións das unidades de farmacia de atención primaria

1. Son funcións das unidades de farmacia de atención primaria:

- a) Garantir e asumir a responsabilidade técnica da adquisición, calidade, correcta conservación, cobertura das necesidades, custodia, preparación de fórmulas maxistrais ou preparados oficinais e dispensación dos medicamentos para ser aplicados dentro dos centros de atención primaria e de aqueles para os que se esixa unha particular vixilancia, supervisión e control, segundo se establece no artigo 103 da Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, e nas disposicións regulamentarias que o desenvolven.
- b) Establecer un sistema eficaz e seguro de distribución de medicamentos e produtos sanitarios nos centros e estruturas ao seu cargo.
- c) Colaborar no establecemento de sistemas de información sobre xestión de farmacoterapia a partir de estratexias que inclúan aspectos clínicos, de efectividade, seguridade e eficiencia da utilización dos medicamentos e proporcionar unha correcta información e formación sobre medicamentos e produtos sanitarios aos profesionais sanitarios.
- d) Desenvolver protocolos e guías farmacoterapéuticas que garantan a correcta asistencia farmacoterapéutica aos/ás pacientes, en especial o referente á selección de medicamentos e á continuidade dos tratamentos e sistemas de apoio á toma de decisións clínicas en farmacoterapia.
- e) Revisar a medicación na/as persoas usuarias do seu ámbito, para detectar ou prever eventos adversos, garantir a adecuación terapéutica e mellorar a adherencia ao tratamento, e contribuír, como parte do equipo multidisciplinar, a que a/as persoas usuarias, obteña/n o mellor resultado en saúde derivado de la utilización de medicamentos.
- f) Establecer un sistema de seguimento farmacoterapéutico da/as persoas usuarias que contribúa a garantir a adherencia e persistencia terapéutico e nos programas de conciliación da medicación, impulsando a coordinación farmacoterapéutica entre diferentes estruturas sanitarias e niveles asistenciais, así como a integración e continuidade asistencial.
- g) Realizar a homologación sanitaria dos tratamentos prescritos.
- h) Colaborar na avaliación de resultados en saúde derivado da utilización dos medicamentos na práctica clínica real, da incorporación da innovación terapéutica e tecnolóxica e das políticas sanitarias.





- i) Participar en proxectos e comités de investigación e promover unha investigación clínica en farmacoterapia de calidade e adecuada ás necesidades dos/as pacientes, garantindo a correcta custodia e dispensación dos produtos en fase de investigación clínica.
 - j) Formar parte das comisións relativas ao uso racional do medicamento ou de outros produtos farmacéuticos, en especial a Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica.
 - k) Impulsar a coordinación e traballo en equipo e colaboración cos hospitais e servizos de atención especializada, coa finalidade de asegurar a calidade da prestación farmacéutica mediante o seguimento dos tratamentos prescritos polo médico.
 - l) Establecer programas que potencien un uso seguro dos medicamentos.
 - m) Impulsar e participar en programas de educación da poboación sobre medicamentos, o seu emprego racional e a prevención do seu abuso.
 - n) Promover a notificación de incidentes relacionados co uso de medicamentos a través dos sistemas de notificación existentes.
 - o) Realizar cantas funcións poidan redundar nun mellor uso e control dos medicamentos, mediante estratexias de colaboración entre os equipos de atención primaria, os/as profesionais sanitarios/as dos distintos niveis asistenciais e calquera outras que se establezan na normativa que lles resulten aplicable.
2. Todo o anterior será así mesmo de aplicación para os produtos sanitarios, agás naqueles supostos onde resulte imposible a súa aplicación pola propia natureza do produto.
3. As ditas funcións serán realizadas baixo a responsabilidade dun/dunha farmacéutico/a, que contará con medios materiais e persoais suficientes para o seu desenvolvemento.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO III

A atención farmacéutica nos hospitais, centros de asistencia social e outros centros, servizos e establecementos sanitarios

Artigo 54. Atención farmacéutica nos hospitais e centros de asistencia social

A atención farmacéutica nos hospitais e nos centros de asistencia social levarase a cabo a través dos servizos de farmacia hospitalaria propios e dos depósitos de medicamentos e produtos sanitarios. Neles, os/as farmacéuticos/as responsables desenvolverán as funcións previstas nesta lei, prestando un servizo integrado con outras actividades da atención hospitalaria ou sociosanitaria.





Artigo 55. Servizos de farmacia hospitalaria propios dos hospitais e centros de asistencia social

Será obrigatorio o establecemento dun servizo de farmacia hospitalaria propio en:

- a) Todos os hospitais que teñan cen ou máis camas.
- b) Os centros de asistencia social con cen ou máis camas en réxime de asistidos.

Malia o anterior, a consellería competente en materia de prestación farmacéutica poderá establecer acordos ou convenios cos centros mencionados nas letras a) e b) eximíndolles da dita esixencia, sempre e cando dispoñan dun depósito de medicamentos e produtos sanitarios vinculado ao servizo de farmacia do hospital da rede pública que sexa o de referencia na área sanitaria correspondente.





Artigo 56. Funcións dos servizos de farmacia hospitalaria propios dos hospitais e dos centros de asistencia social

Os servizos de farmacia hospitalaria propios dos hospitais e dos centros de asistencia social terán, ademais das funcións previstas na normativa estatal aplicable, as seguintes::

- a) Participar, a través da comisión de farmacia e terapéutica do centro, no proceso multidisciplinario da selección de medicamentos e produtos sanitarios precisos para a correcta atención farmacéutica, baixo criterios de seguridade, calidade e custo/efectividade, recollidos na guía farmacoterapéutica de obrigada difusión, que deberá actualizarse periodicamente.
- b) Garantir e asumir a responsabilidade técnica da adquisición, calidade, correcta conservación, cobertura das necesidades, custodia, preparación de fórmulas maxistrais ou preparados oficinais e dispensación dos medicamentos precisos para as actividades intrahospitalarias e daqueles outros para tratamentos extrahospitalarios, conforme ao establecido no artigo 3.6. do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, de 24 de xullo.
- c) Establecer un sistema eficaz e seguro de distribución de medicamentos, tomar as medidas para garantir a súa correcta conservación, dispoñibilidade, preparación, administración, trazabilidade e reposición, custodiar e dispensar os produtos en fase de investigación clínica e velar polo cumprimento da lexislación sobre medicamentos de sustancias psicoactivas ou de calquera outro medicamento que requira un control especial.
- d) Establecer un sistema de dispensación de todos aqueles medicamentos contemplados no artigo 3.6.b) e c) do Real Decreto Legislativo 1/2015, do 24 de xullo, que favoreza a atención farmacéutica individualizada e que permita detectar ou prever eventos adversos, garantir a adecuación terapéutica e mellorar a adherencia ao tratamento, e que contribúa a que a/as persoas usuarias obteña/n o mellor resultado en saúde derivado de la utilización de medicamentos e que permita adaptarse ás novas necesidades asistenciais e os avances das tecnoloxías da información e comunicación.
- e) Participar no seguimento farmacoterapéutico da/as persoas usuarias que contribúa a garantir a adherencia e persistencia terapéutico e nos programas de conciliación da medicación, impulsando a coordinación farmacoterapéutica entre





diferentes estruturas sanitarias e niveles asistenciais, así como a integración e continuidade asistencial.

f) Formar parte das comisións das correspondentes estruturas sanitarias en que poidan ser útiles os seus coñecementos para a selección e avaliación científica dos medicamentos e os criterios de uso, así como formar parte e coordinarse e colaborar coa Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica.

g) Participar no desenvolvemento, implantación, e no seguimento de protocolos terapéuticos e da guía farmacoterapéutica co fin de conseguir a farmacoterapia máis segura e eficiente, en condicións de equidade e homoxeneidade e de promover o uso racional do medicamento no hospital e na súa área de influencia.

h) Realizar a homologación sanitaria dos tratamentos prescritos.

i) Colaborar na avaliación de resultados en saúde derivado da utilización dos medicamentos na práctica clínica real, da incorporación da innovación terapéutica e tecnolóxica e as políticas sanitarias.

j) Establecer un servizo de información de medicamentos para todo o persoal do hospital, estudos sistemáticos de utilización de medicamentos e actividades de farmacocinética clínica e todas aquelas actividades da súa competencia que redunden no mellor coidado, axuste posolóxico, terapias de soporte e estado nutricional da/as persoas usuarias.

k) Colaborar na formación pre e posgraduada de profesionais sanitarios/as.

l) Efectuar traballos de investigación propios ou en colaboración con outras unidades ou servizos e participar nos ensaios clínicos con medicamentos.

m) Colaborar coas estruturas de atención primaria e atención hospitalaria da súa área de influencia no desenvolvemento das súas funcións co fin de garantir unha farmacoterapia integrada e unha continuidade asistencial.

n) Colaborar nos programas que se establezan na súa área sobre o uso racional e seguro do medicamento, así como en programas de formación da/as persoas usuarias/coidadores sobre o uso dos medicamentos e a súa participación activa nos tratamentos.

ñ) Establecer un sistema de farmacovixilancia intrahospitalario e promover a notificación de incidentes relacionados co uso de medicamentos a través dos sistemas de notificación existentes.

o) Participar e coordinar a xestión das compras de medicamentos e produtos sanitarios das estruturas organizativas de xestión Integrada a efectos de asegurar a eficiencia da mesma.





XUNTA DE GALICIA

p) Realizar cantas funcións podan redundar nun mellor uso e control dos medicamentos mediante estratexias de colaboración entre os/as profesionais sanitarios/as dos distintos niveis asistenciais e calquera outras que se establezan.





Artigo 57. Recursos materiais e humanos dos servizos de farmacia hospitalaria propios

1. Os servizos de farmacia hospitalaria propios deberán dispoñer dunha superficie adecuada en relación coa actividade desenvolvida.
2. Os servizos de farmacia hospitalaria propios dos hospitais contarán cunha área diferenciada de atención da/as persoas usuarias externas, para preservar a confidencialidade e privacidade.
3. Os servizos de farmacia hospitalaria propios dos hospitais e dos centros de asistencia social estarán baixo a titularidade e responsabilidade dun/dunha farmacéutico/a especialista en farmacia hospitalaria.
4. Dependendo do volume, das actividades e do tipo de centro, fixarase por norma regulamentaria o número de farmacéuticos/as adicionais, de técnicos ou auxiliares en farmacia e de persoal administrativo e subalterno necesarios para desenvolver con normalidade o funcionamento do servizo.
5. Todos os/as farmacéuticos/as que exerzan a súa actividade nos servizos de farmacia hospitalaria propios estarán en posesión do título de especialista en farmacia hospitalaria.





Artigo 58. Depósitos de medicamentos e produtos sanitarios

1. Os hospitais e os centros de asistencia social que presten asistencia sanitaria específica que non contén cun servizo de farmacia hospitalario propio e que non estean obrigados a telo, deberán dispoñer dun depósito, que estará vinculado a un servizo de farmacia hospitalaria do distrito sanitario e baixo a responsabilidade da persoa que exerza a xefatura do dito servizo, no caso dos hospitais ou dos centros de asistencia social do sector público. No suposto de que se trate dun hospital ou centro de asistencia social do sector privado, o depósito estará vinculado a unha oficina de farmacia establecida na mesma zona farmacéutica ou a un servizo de farmacia hospitalario.

Os hospitais e centros de asistencia social cos que se formalicen os acordos ou convenios aos que se refire o artigo 55 deberán dispoñer dun depósito de medicamentos vinculado ao servizo de farmacia hospitalaria do hospital da rede pública que sexa o de referencia na área sanitaria correspondente.

2. Os centros e servizos sanitarios nos que polo elevado volume de medicamentos utilizado ou polas características farmacolóxicas dos mesmos ou ben por motivos de saúde pública se estime necesario que deben dispor dun depósito serán determinados regulamentariamente. Asemade poderá autorizarse a existencia de depósitos noutros centros e establecementos sanitarios onde se leven a cabo tratamentos específicos para determinados tipos de usuarios/as, cando as características dos tratamentos ou as necesidades asistenciais así o esixan.

En todo caso, os citados depósitos deberán estar vinculados a algún dos establecementos ou servizos enumerados no artigo 3.6 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, aos cales corresponderá a custodia, conservación e dispensación de medicamentos de uso humano.

3. O depósito, dependendo da súa vinculación, será atendido por un/unha farmacéutico/a do servizo de farmacia do distrito sanitario, no seu caso, por un/unha farmacéutico/a do servizo de farmacia hospitalaria do hospital da rede pública que sexa o de referencia na área sanitaria correspondente para os hospitais e centros de asistencia social que formalicen acordos ou convenios de conformidade con disposto no número 1, ou polo/a farmacéutico/a titular da oficina de farmacia coa que o centro estea vinculado.





4. O/A farmacéutico/a responsable do depósito, coa colaboración do persoal técnico ou auxiliar de farmacia necesario, realizará as funcións seguintes:

- a) Garantir a correcta conservación, custodia e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios para a súa aplicación dentro do centro, establecemento ou servizo.
- b) Asegurar un sistema eficaz e seguro de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios no centro, establecemento ou servizo, coa implantación de medidas que contribúan a garantir a súa correcta administración.
- c) Establecer as normas de acceso ao depósito para o persoal previamente autorizado, que será aquel que determine o servizo de farmacia responsable do depósito.
- d) Informar o persoal sanitario do centro, establecemento ou servizo e os/as propios/as pacientes en materia de medicamentos, así como realizar estudos de utilización de medicamentos.
- e) Colaborar coa comisión de farmacia e terapéutica do centro e cos comités éticos de investigación clínica, así como con outras comisións do centro hospitalario de referencia nas que os seus coñecementos poidan ser útiles.
- f) Garantir as existencias necesarias para que a dispensación de medicamentos quede cuberta as vinte e catro horas do día.

5. Os depósitos deberán dispor dunha superficie adecuada en relación coa actividade desenvolvida e deberán contar co persoal necesario para poder levar a cabo as súas funcións.





TÍTULO IV

Distribución de medicamentos de uso humano e de produtos sanitarios

Artigo 59. *Entidades de distribución*

1. Conforme ao disposto no artigo 67.1 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, de 24 de xullo, a distribución dos medicamentos autorizados realizarase a través das entidades de distribución ou directamente polo laboratorio titular da autorización de comercialización destes.
2. As entidades de distribución e, no seu caso, os laboratorios farmacéuticos que distribúan directamente os seus produtos disporán do persoal e dos locais, instalacións e equipos adecuados e suficientes para garantir a correcta conservación e distribución dos medicamentos. As entidades cumprirán os requisitos, as condicións e as obrigas establecidos na normativa vixente e nas normas de boas prácticas de distribución de medicamentos de uso humano.
3. A distribución dos produtos sanitarios se efectuará a través de establecementos que garantan o adecuado almacenamento e conservación dos produtos. Os distribuidores de produtos sanitarios contarán coa organización e medios precisos de conformidade coa normativa específica destes produtos.
4. As entidades de distribución autorizadas pola Administración autonómica non poderán arrendar, subarrendar ou ceder a terceiras persoas os locais ou instalacións destinados ao desenvolvemento das súas actividades.





Artigo 60. Autorización das entidades de distribución de medicamentos de uso humano

1. De conformidade coa normativa básica estatal, as entidades de distribución de medicamentos de uso humano están sometidas a autorización previa ao seu funcionamento.
2. De acordo co artigo 20.4 do Real Decreto 782/2013, do 11 de outubro, sobre distribución de medicamentos de uso humano, as entidades de distribución deberán dispoñer para o seu funcionamento, ademais da preceptiva autorización, dun certificado de cumprimento de boas prácticas de distribución en vigor emitido segundo o establecido no artigo 21 do dito real decreto.
3. En relación cos almacéns maioristas e almacéns por contrato domiciliados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponden á Administración autonómica a competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos á autorización previa ao seu funcionamento así como as autorizacións de modificacións relevantes que afecten aos locais, equipamentos e actividades, de modificación das condicións autorizadas, de -traslado a outras instalacións e de cesamento da súa actividade. Os ditos procedementos de autorización serán regulados a través de norma regulamentaria.
4. Os almacéns maioristas e almacéns por contrato que non estean domiciliados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, pero que desenvolvan nela a súa actividade, están suxeitos á obriga de comunicación prevista no artigo 68.1 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, de 24 de xullo.
5. Os cambios de titularidade das entidades de distribución de medicamentos de uso humano cuxa autorización sexa competencia autonómica serán comunicados mediante o procedemento que a tal efecto se determine.
6. Asemade, aquelas entidades que ademais de medicamentos distribúan produtos sanitarios, deberán realizar unha previa comunicación de inicio de actividade nos termos previstos na normativa específica que resulte de aplicación aos ditos produtos. A modificación de datos e cese de actividade tamén deberá ser comunicada.





Artigo 61. Dirección técnica e persoal adicional das entidades de distribución de medicamentos de uso humano

1. De conformidade co artigo 70 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, de 24 de xullo, as entidades de distribución de medicamentos autorizadas disporán dun/dunha director/a técnico/a farmacéutico/a, cuxo cargo será incompatible con actividades de carácter sanitario que supoñan intereses directos coa fabricación ou dispensación de medicamentos ou que vaian en detrimento do adecuado cumprimento das súas funcións, e que deberá cumprir os requisitos previstos no artigo 6 do Real decreto 782/2013, do 11 de outubro.
2. De acordo co artigo 7 do Real decreto 782/2013, do 11 de outubro, o/a director/a técnico/a farmacéutico/a deberá realizar as súas funcións para garantir a aplicación e cumprimento das boas prácticas de distribución establecidas na Unión Europea así como da normativa vixente que sexa de aplicación. As ditas funcións inclúen as previstas no dito precepto.
3. Conforme ao artigo 5 do Real decreto 782/2013, do 11 de outubro, poderán nomearse un ou máis directores técnicos/as farmacéuticos/as suplentes, cos mesmos requisitos que o/a titular, ao/á que substituirán na súa ausencia.
4. Correspóndelle á consellería competente en materia de sanidade, previa comprobación do cumprimento dos requisitos aplicables, a aceptación do nomeamento dos/das directores/as técnicos/as farmacéuticos/as das entidades de distribución de medicamentos de competencia autonómica e dos/as seus/súas suplentes.
5. Ademais da dirección técnica, as entidades de distribución de medicamentos deberán dispoñer do persoal adicional necesario para garantir a calidade e seguridade nas actividades de distribución incluídas no ámbito da autorización, nos termos previstos na normativa aplicable.





XUNTA DE GALICIA

TITULO V Unidades de radiofarmacia

Artigo 62. *Disposicións xerais*

Os medicamentos radiofármacos de uso humano e as funcións que respecto deles correspondan ás unidades de radiofármacos axustaranse á normativa a eles aplicable.





Artigo 63. Clasificación das unidades de radiofarmacia

As unidades de radiofarmacia poderán ser de dous tipos:

- a) Unidades de radiofarmacia de tipo I, que realizarán as funcións previstas nos números 3 e 4 do artigo 48 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, de 24 de xullo, nos termos e condicións previstos na normativa aplicable.
- b) Unidades de radiofarmacia de tipo II, que son aquelas que poden estar instaladas en locais independentes dos servizos ou centros asistenciais e realizarán as funcións previstas nos números 3 , 4 e 5 do artigo 48 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, de 24 de xullo, nos termos e condicións previstos na normativa aplicable.





Artigo 64. *Autorizacións*

A autorización para a apertura, modificación e peche das unidades de radiofarmacia corresponde á consellería competente en materia de sanidade, que establecerá regulamentariamente os procedementos oportunos, podendo así mesmo establecer os controis e inspeccións que considere necesarios para o seu correcto funcionamento. Todo isto, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros organismos segundo a normativa aplicable.





Artigo 65. *Recursos humanos*

1. A persoa responsable da unidade de radiofarmacia debe ser un/unha facultativo/a especialista en radiofarmacia. En función do tipo e volume da actividade de preparación de radiofármacos desenvolvida pola unidade, poderá ser necesaria a presenza de facultativos/as especialistas en radiofarmacia adicionais. En todo caso, para o funcionamento da unidade requírese a presenza dun/dunha facultativo/a especialista en radiofarmacia.

2. A persoa responsable da unidade de radiofarmacia levará a cabo as seguintes funcións:

a) Asegurar que a adquisición, conservación, preparación, control de calidade, documentación e dispensación dos radiofármacos se realiza de acordo coa lexislación aplicable na materia.

b) Establecer as instrucións específicas de preparación e control dos radiofármacos, de acordo coa normativa aplicable.

c) Comprobar o correcto mantemento dos locais e equipos utilizados na preparación, control e conservación dos radiofármacos.

d) Garantir a calidade dos radiofármacos preparados e conservar o resultado dos controis e verificacións realizadas.

3. A unidade de radiofarmacia contará ademais co persoal técnico, con formación en preparación e control de radiofármacos así como en protección radiolóxica, en número suficiente para desenvolver a súa actividade de forma adecuada. Todo o persoal facultativo e técnico deberá estar capacitado de conformidade cos requisitos esixidos pola lexislación aplicables en materia de seguridade de instalacións radioactivas e pola restante normativa de aplicación.





Artigo 66. *Adquisición e dispensación*

A adquisición e dispensación de radiofármacos elaborados nas unidades de radiofarmacia non integradas en servizos de farmacia é responsabilidade do servizo de farmacia do centro onde se vaian utilizar.





TÍTULO VI

A distribución e dispensación de medicamentos veterinarios

Artigo 67. *Distribución e dispensación de medicamentos veterinarios*

1. A distribución e dispensación de medicamentos veterinarios levarase a cabo nos establecementos e servizos e nas condicións que se prevén no artigo 38 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2015, de 24 de xullo, e na restante normativa estatal de aplicación, e conforme ao disposto na presente lei e na normativa regulamentaria autonómica de desenvolvemento.

2. A dispensación ao público dos medicamentos veterinarios realizarase exclusivamente por:

a) As oficinas de farmacia legalmente establecidas, que ademais serán as únicas autorizadas para a elaboración e dispensación de fórmulas maxistrais e preparados oficinais.

b) As entidades ou agrupacións gandeiras autorizadas, sempre que contén cun servizo farmacéutico responsable da custodia, conservación e dispensación destes medicamentos, para o uso exclusivo dos seus membros.

c) Os establecementos comerciais detallistas autorizados, sempre que contén cun servizo farmacéutico responsable da custodia, conservación e dispensación destes medicamentos.

d) As boticas de urxencia de medicamentos veterinarios que, por razóns de urxencia e afastamento poidan autorizarse, cando non exista nun municipio oficina de farmacia nin outro centro de subministro de medicamentos veterinarios autorizado. Estas boticas poderán estar vinculadas a unha oficina de farmacia, nos termos previstos no artigo 49, ou a calquera outro establecemento ou servizo de dispensación de medicamentos veterinarios autorizado. Neste caso, a dispensación realizarase nos termos establecidos na normativa estatal.

Asemade, os medicamentos destinados a cans, gatos, animais de terrario, paxaros domiciliarios, peixes de acuario e pequenos roedores que non requiran prescrición veterinaria poderán distribuírse e venderse noutros establecementos,





nos termos previstos na normativa básica estatal e na que, con respecto desta, se dite pola Comunidade Autónoma.

3. As entidades ou agrupacións gandeiras haberán de contar cun número de farmacéuticos, técnicos ~~ou~~ e auxiliares axeitado ao número de centros de dispensación de medicamentos, nas condicións que regulamentariamente se establezan, así como con programas zoosanitarios aprobados polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

4. Os establecementos comerciais detallistas autorizados+ haberán de contar con servizos farmacéuticos, que serán responsables da custodia, subministro e control de utilización dos medicamentos veterinarios. Estes centros dispensadores e os do apartado anterior deberán estar identificados coa lenda "Produtos zoosanitarios".

5. A dispoñibilidade de medicamentos veterinarios polo/s profesionais da veterinaria para o exercicio da súa actividade profesional rexerase pola normativa básica estatal e polas normas que, en desenvolvemento de tales bases, se ditén pola Comunidade Autónoma.

6. O outorgamento das autorizacións de competencia autonómica relativas aos establecementos e servizos de distribución e dispensación exclusiva de medicamentos veterinarios requirirán autorización previa da consellería competente en materia de gandería, previo informe da consellería competente en materia de sanidade.

A autorización das oficinas de farmacia nas que se dispensen medicamentos veterinarios corresponde á consellería competente en materia de sanidade conforme ao réxime xeral aplicable a tales autorizacións.

Os centros que distribúan medicamentos tanto de uso humano como de uso veterinario serán autorizados pola consellería competente en materia de sanidade, previo informe da consellería competente en materia de gandería.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO VII

Os/As profesionais farmacéuticos e outro persoal dos establecementos e servizos de atención farmacéutica

Artigo 68. Definición de profesional farmacéutico

Aos efectos desta lei enténdese por profesionais farmacéuticos todas aquelas persoas que, posuíndo a titulación correspondente, desenvolvan as súas funcións nos establecementos e servizos de atención farmacéutica regulados nesta lei.





Artigo 69. *Formación continuada*

1. A consellería competente en materia de sanidade, en colaboración coas universidades, os colexios oficiais de farmacéuticos, sociedades científicas e outras organizacións profesionais, contribuirá a impulsar a formación continuada dos profesionais farmacéuticos e do persoal auxiliar dos establecementos e servizos de atención farmacéutica coa finalidade de ofrecer unha prestación útil e eficiente á cidadanía a través da actualización dos seus coñecementos.
2. Os colexios oficiais de farmacéuticos, as sociedades científicas e as organizacións profesionais, promoverán e desenvolverán actividades de formación continuada para contribuír á necesaria actualización do coñecemento e das habilidades profesionais do persoal que participa nas actividades de atención farmacéutica.
3. As persoas responsables dos establecementos e servizos de atención farmacéutica facilitarán o acceso do persoal ao seu cargo á formación continuada.





Artigo 70. *Incompatibilidades*

1. Con carácter xeral, a titularidade dunha oficina de farmacia e o exercicio profesional farmacéutico nos establecementos e servizos de atención farmacéutica é incompatible coa existencia de calquera clase de interese s económicos, directos, na fabricación e distribución de medicamentos ou de produtos sanitarios, coas excepcións previstas na disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo.

2. Ademais das incompatibilidades do réxime xeral, o exercicio profesional do/da farmacéutico/a nun establecemento ou servizo de atención farmacéutica regulados nesta lei, é incompatible con:

a) O exercicio profesional en calquera outro dos establecementos e servizos de atención farmacéutica regulados nesta lei, coa excepción de boticas anexas e depósitos de medicamentos vinculados ao establecemento ou servizo no que se desenvolve a actividade profesional. Esta incompatibilidade non resultará de aplicación no caso de farmacéuticos/as adxuntos/as de oficina de farmacia contratados a tempo parcial, que poderán desenvolver a súa actividade profesional en oficinas de farmacia diferentes, sempre que exista compatibilidade entre os horarios de traballo.

b) O exercicio clínico da medicina, odontoloxía, enfermería, fisioterapia, podoloxía, veterinaria ou calquera outra actividade profesional que no futuro puidera ser habilitada para a prescrición ou indicación de dispensación de medicamentos.

c) O exercicio profesional nos establecementos autorizados para distribuír ou dispensar medicamentos veterinarios (almacéns o maior, entidades ou agrupacións gandeiras e establecementos comerciais polo miúdo).

d) O exercicio profesional nos laboratorios de fabricación de medicamentos de uso humano ou veterinario.


3. En particular, o exercicio profesional do/a farmacéutico/a na oficina de farmacia, sexa como farmacéutico/a titular, cotitular, rexente, substituto/a ou adxunto/a, será incompatible con:

a) Calquera actividade profesional ou mercantil que impida a presenza física do farmacéutico durante o horario de atención ao público da oficina de farmacia.





- b) A prestación de servizos retribuídos en calquera administración pública en función de relación laboral, funcionarial ou estatutaria. Esta incompatibilidade non resultará de aplicación no caso de farmacéuticos exercentes en oficinas de farmacia que teñan a condición de titores de prácticas tuteladas, e naqueles outros supostos nos que a compatibilidade veña recoñecida pola normativa aplicable.
- c) O exercicio profesional como visitador médico, representante ou comisionista de entidades de fabricación ou distribución de medicamentos, ou de produtos sanitarios ou de produtos do canal farmacéutico.





TÍTULO VIII

Publicidade, promoción e información dos medicamentos e produtos sanitarios

Artigo 71. Garantías na información, promoción e publicidade de medicamentos e produtos sanitarios

1. A consellería competente en materia de sanidade adoptará as medidas oportunas para garantir que a información, a promoción e a publicidade dos medicamentos e produtos sanitarios, destinadas ás/aos profesionais da saúde ou á poboación en xeral, se axusten a criterios de veracidade, evitando inducir a unha utilización incorrecta ou a un sobre consumo.
2. Así mesmo, correspóndelle á dita consellería o control de calquera publicidade de medicamentos e produtos sanitarios que se difunda especificamente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co procedemento que se determine regulamentariamente.
3. Coidará ademais de que a información e a promoción dirixida a profesionais sanitarios no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia estea de acordo coa información técnica e científica autorizada pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, e deberá ser rigorosa, ben fundada e obxectiva e non inducir a erro, de acordo coa lexislación vixente, e axustarse á ficha técnica.
4. Tamén terá acceso, para efectos de inspección, a tódolos medios de información, de promoción e publicidade de medicamentos e produtos sanitarios, dirixidos aos profesionais sanitarios ou á poboación en xeral, xa sexan escritos, audiovisuais, informáticos ou de calquera outra natureza.
5. No caso das mensaxes publicitarias difundidas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades responsables das mesmas deberán comunicar a súa intención de realizar esta actividade de acordo co procedemento establecido.





TÍTULO IX Réxime sancionador

Artigo 72. Disposicións xerais

1. As infraccións recollidas nesta lei serán obxecto das correspondentes sancións administrativas, logo da instrución do oportuno expediente, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

2. As infraccións contempladas na presente lei o son sen prexuízo do disposto no texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, respecto dos establecementos de dispensación de medicamentos veterinarios, agrupacións de gandeiros con programa sanitario e distribuidores de medicamentos veterinarios, e na normativa de desenvolvemento deste.


No exercicio da potestade sancionadora autonómica en relación co réxime sancionador contido no dito texto refundido será aplicable o prazo máximo para resolver previsto no artigo 78, salvo que a normativa específica reguladora estableza un prazo distinto.





Artigo 73. Acción inspectora

1. Corresponde á consellería competente en materia de sanidade, a través da inspección sanitaria, a realización das inspeccións que se consideren necesarias para verificar o cumprimento do establecido nesta lei e na normativa estatal en materia de medicamentos e produtos sanitarios nos termos e co alcance previstos nela, sen prexuízo das atribucións dos servizos veterinarios oficiais da consellería competente en materia de gandería en relación coas inspeccións dos establecementos de dispensación de medicamentos veterinarios, agrupacións gandeiras con programa sanitario e entidades de distribución de medicamentos veterinarios, as boticas anexas de urxencia, ou respecto a venda a distancia ao público ou por outros canles de medicamentos non suxeitos a prescripción veterinaria.
2. O persoal da consellería competente en materia de sanidade, así como o persoal da consellería competente en materia de gandería que desenvolva as funcións de inspección, terá a consideración de autoridade sanitaria, de conformidade co establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.





Artigo 74. *Infraccións*

1. Constituirán infraccións administrativas, e serán sancionadas nos termos previstos no artigo seguinte, as condutas que a continuación se determinan.
2. As infraccións se cualifican como leves, graves ou moi graves atendendo aos criterios de risco para a saúde, contía do eventual beneficio, gravidade da alteración sanitaria ou social producida, xeneralización de infracción e reincidencia.
3. Teñen a consideración de infraccións leves as seguintes:
 - a) Non ir provisto o persoal que presta servizos na oficina de farmacia do distintivo que o identifique.
 - b) O incumprimento do horario ampliado voluntario da oficina de farmacia comunicado á administración autonómica.
 - c) O incumprimento das obriga de información sobre as oficinas de farmacia en servizo de garda previstas no artigo 27.7.
 - d) Entregar regalos ou obsequios que non teñan a condición de mostras e cun prezo de venda ao público non superior a 15 euros, como cortesía e non como método vinculado á promoción e venda ao público de medicamentos e produtos sanitarios.
 - e) A lesión dos dereitos da cidadanía previstos no artigo 8.1 sempre que non exista prexuízo asistencial para a persoa interesada.
 - f) Os incumprimentos das obrigas impostas á cidadanía no artigo 8.2 respecto ao persoal e ás instalacións dos establecementos e servizos de atención farmacéutica.
 - g) O incumprimento das obrigas previstas nesta lei en relación coa sinalización e publicidade das oficinas de farmacia.
 - h) Utilizar as diferentes zonas coas que debe contar unha oficina de farmacia para actividades diferentes ás correspondentes a cada unha delas.
 - i) Cumprimentar incorrectamente o libro de estupefacientes e o libro receitario, en tanto que os libros de rexistro de carácter sanitario de tenencia obrigatoria.
4. Teñen a consideración de infraccións graves as seguintes:
 - a) O funcionamento dunha unidade de radiofarmacia sen a presenza do persoal exixido en cada caso, distinto do facultativo/a especialista en radiofarmacia.





- b) Incumprir o/a facultativo/a especialista en radiofarmacia responsable dunha unidade de radiofarmacia as funcións atribuídas nesta lei que competan ao-seu posto.
- c) O incumprimento do horario mínimo obrigatorio establecido para as oficinas de farmacia, así como dos servizos de garda.
- d) Carecer do libro de estupefacientes e do libro receitario, en tanto que libros de rexistro de carácter sanitario de tenencia obligatoria.
- f) O exercicio ou desenvolvemento de actividades mercantís ou comerciais nas dependencias da oficina de farmacia distintas das vinculadas á súa autorización de instalación.
- g) Dispensar medicamentos ou produtos sanitarios a un/unha mesmo/a paciente sen atender ás pautas de uso racional dos mesmos contempladas na ficha técnica.
- h) Non contar na oficina de farmacia cun/cunha farmacéutico/a adxunto/a cando sexa obrigatorio, consonte co previsto no artigo 21.2.
- i) O incumprimento polas oficinas de farmacia das esixencias e procedementos para a dispensación e/ou facturación das receitas oficiais establecidos polos concertos subscritos pola consellería competente en materia de sanidade e polo Servizo Galego de Saúde para a execución da prestación farmacéutica, sen prexuízo das infraccións previstas nos artigos 111 e 112 do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo.
- j) Realizar calquera tipo de publicidade ou actividade promocional da oficina de farmacia, organizar eventos ou actividades e utilizar ferramentas que poidan implicar unha promoción da oficina de farmacia.
- k) O incumprimento por parte do/da titular ou cotitulares da oficina de farmacia de calquera das condicións consonte as cales se outorgou a autorización de instalación.
- l) A lesión dos dereitos da cidadanía previstos no artigo 8.1 sempre que exista prexuízo asistencial para a persoa interesada.
- m) A comisión dunha infracción leve cando, no período dun ano, o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou máis infraccións leves e as resolucións sancionadoras fosen firmes na vía administrativa.
- n) Entregar regalos ou obsequios que non teñan a condición de mostras e cun prezo de venda ao público superior a 15 euros, como cortesía, e non como





método vinculado á promoción e venda ao público de medicamentos e produtos sanitarios.

ñ) O incumprimento dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas na presente lei cando cause alteración e risco sanitario con transcendencia directa para a poboación.

5. Teñen a consideración de infraccións moi graves as seguintes:

a) O incumprimento da normativa autonómica vixente en materia de incompatibilidades.

b) A comisión dunha infracción grave cando, nos últimos cinco anos, o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou máis infraccións graves e as resolucións sancionadoras fosen firmes na vía administrativa.

c) O incumprimento reiterado e inxustificado por parte das oficinas de farmacia da obriga da dispensación de medicación que lles sexa solicitada pola/s persoa/s usuaria/s nas condicións legal e regulamentariamente establecidas.





Artigo 75. *Sancións e criterios de gradación*

1. As infraccións tipificadas nesta lei serán sancionadas con multa. Dentro dos límites previstos para as infraccións leves, graves e moi graves as multas se aplicarán no grao mínimo, medio ou máximo en función dos seguintes criterios:

- a) A negligencia, o grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) O grao de connivencia.
- c) O incumprimento das advertencias previas.
- d) A continuidade ou persistencia da conduta infractora.
- e) A cifra de negocios da entidade.
- f) A natureza dos prexuízos causados.
- g) O número de persoas afectadas.
- h) Os beneficios obtidos coa infracción.
- i) A duración dos riscos xerados.
- j) O tipo de establecemento ou servizo no que se cometeu a infracción.
- k) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza cando así se declarase por resolución firme en vía administrativa.

2. As infraccións leves serán sancionadas con multa de 15 a 3.005,06 euros. Dentro destes límites establécense os seguintes graos:

Grao mínimo: desde 15 ata 601,01 euros.

Grao medio: desde 601,02 a 1.803,04 euros.

Grao máximo: desde 1.803,05 a 3.005,06 euros.

3. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 3.005,07 a 15.025,30 euros. Dentro destes límites establécense os seguintes graos:

Grao mínimo: desde 3.005,07 a 6.010,12 euros.

Grao medio: desde 6.010,13 a 10.517,71 euros.

Grao máximo: desde 10.517,72 a 15.025,30 euros

4. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 15.025,31 a 601.012,11 euros, ou, de ser unha cantidade superior, ata o quintuplo do valor dos





produtos ou servizos obxecto da infracción. Dentro destes límites establécense os seguintes graos:

Grao mínimo: desde 15.025,31 a 120.202,42 euros.

Grao medio: desde 120.202,43 a 306.607,26 euros.

Grao máximo: desde 306.607,27 a 601.012,11 euros ou, de ser unha cantidade superior, ata o quintuplo do valor dos produtos ou servizos obxecto da infracción.

5. As sancións pola comisión de infraccións graves e moi graves serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* unha vez que adquiran firmeza en vía administrativa.

6. Sen prexuízo da multa que proceda impoñer conforme ao disposto no número anterior, as infraccións en materia de medicamentos serán sancionadas co comiso, en favor do Tesouro Público, do beneficio ilícito obtido como consecuencia da comisión da infracción. A resolución sancionadora determinará a estes efectos a contía do beneficio ilícito obtido.

7. Ademais, nos supostos de infraccións moi graves, o Consello da Xunta poderá acordar, como sancións accesorias, o peche temporal do establecemento, instalación ou servizo por un prazo máximo de cinco anos.

8. No caso de infraccións moi graves relativas a oficinas de farmacia, o Consello da Xunta poderá acordar, como sancións accesorias, a revogación da autorización administrativa e a prohibición do seu/súa titular ou cotitulares de poder participar, durante un período de cinco anos desde que a sanción sexa firme en vía administrativa, en calquera concurso público que se celebre en Galicia para obter a autorización dunha oficina de farmacia.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 76. Instrución de expedientes sancionadores


A instrución dos expedientes administrativos sancionadores será competencia da inspección sanitaria, sen prexuízo das competencias que en materia de medicamentos veterinarios ten atribuídas a consellería competente en materia de gandería.





Artigo 77. Competencia sancionadora

Reglamentariamente determinaranse os órganos competentes para a imposición das sancións ás que se refire o artigo 75, sen prexuízo das competencias que en materia de medicamentos veterinarios ten atribuídas a consellería competente en materia de gandería.





Artigo 78. *Medidas cautelares*

1. Poderán adoptarse as medidas cautelares consistentes na clausura ou o peche dos establecementos, centros e servizos que non dispoñan das preceptivas autorizacións ou rexistros ou da actuación dos cales derive risco para a saúde da poboación, así como a suspensión do funcionamento ou a prohibición das actividades que se leven a cabo neles, ata que se corrixa os defectos ou se cumpran os requisitos establecidos.

2. Así mesmo, se como consecuencia da acción inspectora se apreciase razoablemente a existencia dun risco inminente e extraordinario para a saúde ou un incumprimento dos requisitos esixidos para a instalación e funcionamento de centros e establecementos, poderanse adoptar cautelarmente as medidas ás que fan referencia os artigos 26 e 31.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril.





Artigo 79. *Prescripción*

1. As infraccións ás que se refire esta lei cualificadas como leves prescribirán ao ano, as cualificadas como graves, aos dous anos, e as cualificadas como moi graves, aos cinco anos.

2. O prazo de prescripción das infraccións comezase a contar desde o día en que a infracción se cometeu. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que finalizou a conduta infractora.


Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora, e o prazo de prescripción reiniciarase se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

3. Así mesmo, as sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano; por infraccións graves, aos dous anos, e por infraccións moi graves, aos cinco anos.

4. O prazo de prescripción das sancións comezase a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución por que se impón a sanción ou cando transcorrese o prazo para recorrer contra ela.

Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución por que se impón a sanción, o prazo de prescripción da sanción comezase a contar desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.





XUNTA DE GALICIA

Artigo 80. *Prazo para resolver*

O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións sancionadoras por infraccións tipificadas na presente lei será de nove meses.





XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional única. *Convenios de colaboración*

A consellería competente en materia de sanidade poderá instrumentar a colaboración entre os colexios oficiais de farmacéuticos, organizacións non gobernamentais, organizacións e colectivos representativos do sector e a administración sanitaria, subscribindo a tal efecto os convenios de colaboración que procedan.





Disposición transitoria primeira. *Aplicación das disposicións regulamentarias vixentes*

Ata que se aproben as normas de desenvolvemento desta lei, será de aplicación a normativa regulamentaria vixente en todo o que non se opoña ao disposto nela. En concreto, no caso dos procedementos sancionadores iniciados ao amparo da lexislación anterior que se atopen en fase de tramitación, continuarán rexéndose no que respecta á competencia para a imposición das sancións, pola normativa vixente no momento de iniciación dos mesmos.





Disposición transitoria segunda. *Procedementos administrativos en tramitación*

1. As solicitudes de autorización de instalación, apertura e funcionamento, reforma, cambio de localización, transmisión e peche de oficinas de farmacia, pendentes de resolución á entrada en vigor da presente lei, rexeranse pola normativa vixente no momento de inicio do procedemento.
2. Aos procedementos sancionadores que se atopen en tramitación na data de entrada en vigor da presente lei lles serán de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de produción dos feitos que constitúan infracción administrativa. As disposicións sancionadoras contidas nesta lei producirán efecto retroactivo en canto favorezan á persoa presuntamente infractora ou á persoa infractora, tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescripción, incluso con respecto ás sancións pendentes de cumprimento na data de entrada en vigor desta lei.


[Firma manuscrita]





Disposición transitoria terceira. *Locais de oficinas de farmacia*

Os requisitos de acceso e zonas das oficinas de farmacia e dos seus locais previstos *ex novo* nesta lei so serán esixibles aos locais correspondentes á oficinas de farmacia de nova instalación, ou no caso de procedementos de cambio de localización ou reforma iniciados con posterioridade á entrada en vigor desta lei. Aos locais existentes nesta data só lles serán de aplicación ditos requisitos no caso de reforma substancial producida con posterioridade á entrada en vigor da mesma.





Disposición transitoria cuarta. *Servizo de garda e vacacións*

O sistema de gardas e vacacións establecido nesta lei será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao da entrada en vigor da mesma.

Disposición transitoria quinta. *Réxime de transmisión das oficinas de farmacia adxudicadas no concurso convocado por Resolución do do 2 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se convoca concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia*

O réxime de transmisión inter vivos previsto no número 3 do artigo 42 será de aplicación ás oficinas de farmacia adxudicadas no concurso convocado por Resolución do do 2 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, con independencia da data na que este se resolva.

No caso de se producir a xubilación voluntaria da persoa titular antes do esgotamento dos quince anos previstos, esta poderá solicitar a designación dun rexente ata completar o período mínimo previsto para a transmisión.





Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derogadas total ou parcialmente cantas disposicións de igual o inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei, e, en especial, a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

2. Así mesmo, queda derogada a disposición transitoria segunda da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Habílase ao Consello da Xunta para ditar as normas de desenvolvemento da presente lei.

[Handwritten signature]





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Pública e Xustiza



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á totalidade, con petición de devolución**, ao **Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [doc. núm. 47930 (10/PL-000013)]** polos seguintes motivos:

A atención farmacéutica e o acceso aos tratamentos farmacolóxicos son elementos que deben formar parte do dereito á saúde e que por tanto van máis alá da regulación das oficinas de farmacia.

O Proxecto de lei de ordenación farmacéutica presentado pola Xunta de Galicia, se ben introduce algunhas novidades regulamentarias por exemplo en canto aos servizos sanitarios que poden ser proporcionados nas boticas, resulta un texto francamente insuficiente en canto ao regulamento dos dereitos da poboación en materia farmacéutica ou en canto á articulación de medidas que favorezan a relación de este servizo co sistema sanitario e sociosanitario.

En primeiro lugar, o texto non avanza ningunha novidade en canto ao acceso do sistema aos fármacos, a pesares de atopármonos nun contexto crecente de periódicos desabastecementos de diferentes medicamentos. Non se estuda en ningún caso a posibilidade da produción de xenéricos pública, un elemento que dende o noso grupo temos xa defendido en numerosas ocasións e que podería aforrar custes a medio prazo e evitar a peregrinación das e dos doentes en busca de determinadas presentacións.



Por outra parte non se aborda en absoluto unha realidade máis que evidente a teor dos datos ofrecidos CIS que é a falla de adherencia terapéutica relacionada cos baixos recursos económicos. O impacto do RD 16/2012 e da crise económica no acceso da poboación á farmacia tradúcese nunha cifra de 100.000 persoas que estarían abandonando os seus tratamentos segundo a última enquisa por non poder facer fronte ao gasto.

Esta realidade non ten reflexo no texto que se nos presenta, cando se podería alomenos arbitrar un mecanismo de control dos datos de adherencia e un derivación dentro do sistema social.

Ademais, a abordaxe da relación das oficinas de farmacia co sistema público de saúde non se atende con claridade. A Xunta desbota a posibilidade tamén de dotármonos de oficinas de farmacia públicas ou dar maior papel ás farmacéuticas e farmacéuticos do SERGAS, desenvolvendo a potencialidade do noso sistema público e axudando a integralo co resto de profesionais.

Así mesmo, resulta pouco comprensible a permanencia da obxección de conciencia nesta norma a pesares que a mesma define á farmacia coma un servizo de interese público e ás oficinas coma negocios privados de interese público.

Non parece polo tanto razoable deixar ao arbitrio das e dos titulares das farmacias o dereito ao acceso da poboación aos seus tratamentos facendo prevalecer un dereito individual sobre o interese xeral.

Por outra parte en canto á titularidade das oficinas de farmacia privadas, o texto tampouco facilita o acceso á mesma de persoas que neste momento non gocen de dita titularidade, non sexan propietarias dun negocio e non teñan posibilidade de traspaso.





Polo tanto, considerando a necesidade de presentar un texto máis amplo, que abarque máis dereitos e maior planificación do servizo de farmacia **En Marea solicita a devolución do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia.**

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/04/2019 18:25:43

Luis Villares Naveira na data 08/04/2019 18:25:53



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2. Mocións

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 29 de abril de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación co Réxime horario do persoal docente non universitario (doc. núm. 47773).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a recuperar os horarios do persoal docente non universitario anteriores ao regulado nas ordes do 23 de xuño de 2011 e do 4 de xuño de 2012.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/05/2019 12:15:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2019 12:15:34



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción, para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 29 de abril de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde (doc. núm. 45516)

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Comprometer unha dotación de prazas de fisioterapia nas vindeiras convocatorias OPE que permita un incremento dun 50 % nas prazas de atención primaria nos vindeiros 3 anos.

2º. Avaliar as funcións atribuídas aos profesionais de fisioterapia en atención primaria actualmente, e estudar a posibilidade de amplialas aproveitando a súa formación e as súas competencias que permitan diversificar a asistencia á cidadanía a través da multidisciplinariedade na atención primaria.

3º. Publicar e difundir, nun prazo máximo de 2 meses, a Guía de actuación de fisioterapia na atención primaria de Galicia, e atender ás súas recomendacións.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2019 12:15:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2019 12:15:09



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 19848 (10/INT-000653)** debatida na sesión plenaria do 29 de abril de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Cesar ao Director Xeral de Enerxía e Minas, Bernardo Tahoces.
- Mudar as políticas da minería cara un modelo que cumpra estritamente a lei e que priorice o principio de precaución e de sostenibilidade.
- Derrogar a Lei 04/2017 de Fomento de Iniciativas Empresariais de Galicia.
- Desestimar definitivamente o proxecto de reapertura da Mina de Touro-O Pino, por ser insostible ambientalmente e perigosa para a vida das persoas do entorno.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 03/05/2019 13:01:05



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 39703(10/PNP-002965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, e a deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia da grave crise demográfica que atravesa Galicia, incluso o peche dalgún deles, dá lugar a situacións graves que deben ser corrixiadas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

1. A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.
2. A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

O anterior supuxo a extinción de ensinanzas por falta de alumnos interesados en cursalas, o que se produce porque esas ensinanzas formaban alumnado para o desempeño de profesións innecesarias no entorno deses centros.



Por outro lado, é necesario mudar as políticas relativas os servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.

Por último, tamén se pon de manifesto en numerosos concellos de Galicia que ao remate das etapas obrigatorias, hai alumnado que se debe escolarizar noutras localidades, o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, desde os horarios ata o custo económico.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia.
- 2º) Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da Administración local.
- 3º) Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino post obrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2018 12:25:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2018 12:33:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2018 12:33:48

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 40520(10/PNP-003045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da
contratación dos proxectos construtivos, así como da
redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra
de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte
de Lemos

Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40520
Data envío: 19/11/2018 19:04:54.449

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

A posta en marcha, a pasada lexislatura, da totalidade da Vía de Altas Prestacións que une Lugo con Monforte, determinou unha mellora considerable nos tempos de desprazamento entre ambas as localidades.

O feito de evitar os múltiples accesos que caracterizan a LU-546 e o centro das vilas e pobos que se atopan no seu trazado supuxo unha mellora considerable para os usuarios desta vía de altas prestacións, que se desprazan dende o sur da provincia ata a súa capital, e viceversa.

Tanto é así que os tráficos neste trazado téñense incrementado dende a posta en servizo desta infraestrutura, de modo moi apreciable.

O proxecto deseñado e executado no seu día polo Goberno autonómico xa contemplaba o desdoblamento do primeiro tramo deste vial, entre Nadela e Sarria, para convertelo en autovía. Non só no que atinxe ás condicións estruturais dos seus viadutos, senón tamén as expropiacións necesarias para abordar tal desdoblamento, nunha boa parte do trazado.

O Partido Popular, que liderou a execución desta vía, tamén liderou a reclamación de que fora desdoblado en autovía, e así aparece recollido no programa electoral co que concorreu ás eleccións do ano 2016.

En cumprimento de tal compromiso, o Goberno galego ten licitado e adxudicado a redacción do proxecto nun tramo de 11,5 km, entre Sarria e a saída Páramo – A Pobra de San Xiao.

Os orzamentos do ano 2019, contemplan unha partida de un millón de euros para a licitación das obras ao longo deste próximo ano.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40520
Data envío: 19/11/2018 19:04:54.449

Cómpre porén, avanzar tamén na redacción do proxecto de desdoblamento do resto do trazado entre Nadela e Sarria, neste ano 2019, a fin de ir efectuando os trámites administrativos que permitan materializar o antes posible esta conversión en autovía.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela a fin de avanzar de forma definitiva no total desdoblamento desta infraestrutura”.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/11/2018 18:59:48

María Julia Rodriguez Barreira na data 19/11/2018 19:00:02

Martín Fernández Prado na data 19/11/2018 19:00:16

Jaime Castiñeira Broz na data 19/11/2018 19:00:30

Jacobo Moreira Ferro na data 19/11/2018 19:00:40

Marta Novoa Iglesias na data 19/11/2018 19:02:30

Gonzalo Trenor López na data 19/11/2018 19:03:28

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/11/2018 19:04:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 43406(10/PNP-003244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43406
Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao incremento das contías económicas e do público albo das axudas periódicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tres meses, o pasado 17 de outubro a empresa Alcoa anunciou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. Desde entón houbo máis palabras que feitos por parte das administracións responsábeis. Desde Bloque Nacionalista Galego temos que dicir que non estamos satisfeitas co papel que teñen impulsado as administracións responsábeis, nin co do Estado nin co da Xunta de Galiza: unicamente preocupada por buscar culpables para eludir calquera responsabilidade. Esa non é a forma de enfrontar un problema tan importante do punto de vista do país.

Falamos de Alcoa, falamos de 400 postos de traballo, de 400 familias. Por extensión, falamos de toda a industria electrointensiva e de se este país dá un paso de xigante para a súa desindustrialización ou vai aproveitar os debates que se abriron para dar estabilidade a un sector que ten unha gran dependencia dos prezos enerxéticos.

De forma concreta, o grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na

CSM-REXISTRO-6BTH08AX-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/01/2019 09:30:00

Nº Rexistro: 43406

Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720

súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza. Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, está de extrema actualidade.

Neste momento, Xunta e Estado non teñen posto unha alternativa sobre a mesa. Son responsábeis de non poñerse ao fronte dunha estratexia industrial que permita recuperar o futuro de Alcoa e é preciso que levanten o veto encuberto á intervención pública e non apoie o desmantelamento encuberto que supón o até agora ofertado por Alcoa, que suporía un peche escalonado pero finalmente un peche.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar de forma urxente o rescate público de Alcoa por parte do Estado español a través da SEPI e tomar todas as medidas necesarias conducentes a evitar a interrupción dos procesos de electrolise.

2. Rectificar a súa política de incumprimento dos puntos acordados no Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de traballo con todas as partes implicadas para consensuar as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43406
Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720

medidas a defender buscando o garante do mantemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas eletrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

3. Constituír unha mesa de seguimento estábel participada polos sectores dependentes das poxas de interrompibilidade na que a Xunta de Galiza abandone o seu sectorismo ao excluír da mesma as organizacións sindicais, de cara a analizar as posíbeis repercusións para Galiza de cada unha das poxas, das mudanzas no sistema de poxa de interrompibilidade, elaborar propostas para a súa modificación así como impulsar a planificación no desenvolvemento industrial e na fixación de emprego. A primeira reunión deberá convocarse en menos dunha semana.

4. Defender a mudanza do o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria electointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumpran condicións de mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva e cumprimento dun plan industrial que será fiscalizado por parte das administracións públicas.

5. Defender que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43406
Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 14:16:12

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 14:16:17

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 14:16:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 14:16:20

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 14:16:26

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 14:16:28



CSV REXISTRO-GBTH08Ax-9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 44919(10/PNP-003366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade

Publicación da iniciativa, 427, 06.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 13:23:07
Nº Rexistro: 44919
Data envío: 30/01/2019 13:23:07.905



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Na actualidade, as persoas trans en Galicia teñen que soportar un longo periplo por distintas institucións para, no mellor dos casos, ver recoñecida a súa identidade.

No ámbito sanitario, os colectivos denunciaron en diversas ocasións as trabas para acceder aos tratamentos hormonais. O descoñecemento social sobre a realidade das persoas trans fai que as súas necesidades médicas estean sempre sometidas a un constante cuestionamento e á tutela impropia das democracias do século XXI.

De acordo coas normativas sobre dereitos do paciente, a atención ás persoas trans debe ser de proximidade e non segregadora, pois a transexualidade non é unha patoloxía e non é preciso apartar ás persoas trans a unidades específicas e segregadoras que acrecentan o estigma e a vulnerabilidade.

Tamén o Parlamento europeo vén de emitir as súas resolucións sobre a situación dos dereitos fundamentais na UE onde apuntan a necesidade de que os Estados membros adopten leis e políticas contra a homofobia e a transfobia e lamenta que as persoas transxénero sigan sendo consideradas enfermas mentais en moitos Estados e pide aos mesmos que revisen as súas clasificacións nacionais dos

CSM-REXISTRO-R0YKldh3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





trastornos mentais e que desenrolexen modelos alternativos de acceso exentos de estigma, garantindo que todas as persoas transxénero poidan acceder ao tratamento médico preciso e pide aos Estados membros que recoñezan o cambio de xénero e faciliten o acceso a procedementos de recoñecemento legal de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

En base ao anteriormente dito, faise preciso crear protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo. Non pode ser que os dereitos das persoas dependan da boa vontade do doutor que lles toque, non pode ser que o acceso a según que tratamentos, como os bloqueadores hormonais en menores, dependan da sorte que teñan de ser dunha provincia ou doutra, é preciso superar o modelo das UTIGs e centrarse nos dereitos das persoas

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.) Impulsar protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo.
- 2.) Que facilite o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 13:23:07
Nº Rexistro: 44919
Data envío: 30/01/2019 13:23:07.905

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2019 13:15:29

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2019 13:15:43

Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 13:15:57

CSV REXISTRO
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 07.05.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.5 48340(10/PNP-003658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 13:48:04
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 29/03/2019 13:48:04.092

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Gonzalo Trenor López, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:


O cambio climático é unha realidade que se pode comprobar observando o medio que nos rodea, unha realidade que está a afectar ao conxunto do planeta e que provoca efectos negativos en elementos esenciais como a auga, un dos elementos máis valiosos para a vida humana.

En Galicia tamén se comezan a percibir os efectos do cambio climático, que presenta indicios de modificar o réxime de choivas da nosa comunidade, dando lugar a períodos de escaseza de auga. Nos últimos anos, os períodos de escaseza de precipitacións e, derivado disto, a diminución dos recursos hídricos dispoñibles, a existencia de eventos que poden reducir puntualmente a calidade da auga destinada a consumo humano ou os efectos do cambio climático, puxeron de manifesto a existencia de situacións que poden levar a que a garantía do abastecemento poida chegar a estar comprometida.

Desde este grupo parlamentario cremos que garantir a subministración de auga, en cantidade e calidade adecuada, exige unha necesaria coordinación entre todas as administracións con competencias na materia. Debe haber unha resposta áxil, acertada e coordinada por parte de todas as administracións competentes para poder enfrontarnos aos cambios que, sen dúbida, se producirán.

A Administración autonómica, a través do organismo Augas de Galicia xa elaborou o Plan de Seca da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, dotándose así dun instrumento que permite á administración, ante un posible episodio concreto de seca, a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos derivados desta situación.

Tamén se fai necesario que as administracións locais se doten de instrumentos xurídicos adecuados para poder xestionar estes eventos de seca coa dilixencia e eficacia que a súa propia natureza demanda. Porque estes plans de emerxencia de abastecemento por risco de seca constitúen os instrumentos básicos de planificación



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 13:48:04
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 29/03/2019 13:48:04.092

das administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento urbano para xestionar os posibles períodos de escaseza de precipitacións.

A este respecto, cómpre indicar que a lexislación vixente establece que as administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun Plan de emerxencia ante situacións de seca, que deberá ter en conta as regras e medidas establecidas en base ao disposto na lei.


Aínda que a obriga se estableza para os grandes municipios, os pequenos concellos tamén deberían contar con estes plans de emerxencia e deberían ter a opción de poder elaborar o seu propio Plan de emerxencia ante situacións de seca, por si mesmas, ou ben co apoio das Deputacións Provinciais correspondentes. Tendo en conta, ademais, que no caso de que sexan elaborados polas Deputacións Provinciais, estes plans poderían agrupar a dous ou máis sistemas de abastecemento urbano, co fin de optimizar a dispoñibilidade dos recursos hídricos ante unha situación de escaseza de precipitacións e problemas no abastecemento de auga.

